

# A TREBOADA DE C

*Agustín Agra*



Diseño, maquetación e ilustracións:

a referencia, S.L.

Foto portada:

Copyright istockphoto.com/zuky

Diseño portada:

Noline Worldwide

Impresión:

euroGráficas s.l.

ISBN: 978-84-453-4718-8



## INTRODUCCION AOS CONTOS CLIMANTICOS

¿Como explicar o problema do cambio climático? ¿Como facer chegar á maior parte dos cidadáns que hai solucións nas que teñen moito que achegar?

Desde o momento no que asumín a dirección do Proxecto Climántica, souben que un dos principais retos aos que nos enfrontabamos era non só qué contar, senón cómo contalo.

E o valor da palabra escrita falou por si mesmo.

Porque, ¿hai algunha forma máis íntima e á vez máis eficaz que a lectura para interiorizar e facernos conscientes do papel que xogamos no medio? A resposta é aínda máis contundente cando se trata da xuventude; unha literatura que lles resulte interesante e próxima pode fomentar a súa preocupación ecolóxica e sensibilizalos ante o gran desafío do século XXI.

*Contos climánticos* nace desta reflexión, nun marco no que a literatura referente ao cambio climático está nun momento embrionario, xa que non foi ata o ano 2007 cando o IPCC (Panel Intergubernamental para o Cambio Climático) relaciona este problema de maneira inequívoca co uso de combustibles fósiles. Non obstante, e aínda que se trate dun primeiro paso, esta colección de relatos ten un gran peso no ámbito da educación ambiental.



O autor encargado de inaugurar a serie de *Contos climáticos* xorde –non podería ser doutro xeito– do ámbito dos docentes de Climática. Agustín Agra achega na primeira novela da serie, *A treboada de C*, o compromiso ambiental propio do biólogo que é, ademais da súa experiencia educativa como profesor de secundaria da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía. A novela –cuxa estrutura serve de modelo para o resto das novelas que comporán *Contos climáticos*– consta de relatos breves, útiles para unha lectura colectiva de 10 minutos na aula, e capaces de suscitar coloquios e debates. Agra é un fervente defensor do potencial didáctico dos relatos, e é autor de varias obras utilizadas na educación de estudantes de primaria e secundaria, entre as que destaca *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2006.

*Contos climáticos* é, sen dúbida, unha boa oportunidade para gozar coa lectura duns relatos capaces de sensibilizarnos ante o noso próximo gran reto, empezando polos máis pequenos, o máis importante para o futuro da sociedade e a súa relación coa natureza.

Francisco Sóñora Luna  
*Director de Climática*



*A Minerva e Xoana*



## INDICE

I - Eu, o Narrador	8
II - Rovertto, o coche	13
III - Fala un peixe da ría (de C)	17
IV - Gavela de mariñeiros xubilados de C	20
V - Fala a treboada	27
VI - Carta da Yéssica	30
VII - Fala o río que desbordou	34
VIII - Patio de luces	37
IX - Arnaldo, lagarto arnal	42
X - Mendiño, o da construtora	47
XI - Toñito de Andrucho	50
XII - Onde fala unha estrelamar de nome Gradicela	54
XIII - Un eucalipto pon a súa voz	57
XIV - Un da cuadrilla apaga-lumes	61
XV - Unha lapa (de lume), en representación do incendio todo65	
XVI - Xocas, xerente do CO.MA.	68
XVII - Pepe Toxo, o ciclista	72
XVIII - Os da banda de mariñeiros xubilados de C	76



XIX - Carta do Ramoncho á súa Yéssica	82
XX - Gavela de mariñeiros xubilados de C	85
XXI - Patio de luces	90
XXII - Rovertó	95
XXIII -	Ti, lector, eterno voyeur 98
XXIV - Eu, o narrador, outra volta	101

## I – E`U, O NARRADOR

Disque os humanos somos animais con instinto gregario, sempre necesitados da compañía do grupo. Poida que esa sexa a razón pola que adoito levar prendida a radio do coche, na procura de que me faga compañía nas solitarias viaxes que debo realizar a miúdo por mor do meu traballo.

Cambio climático, diso é do que andaban a falar aquel día, do cambio climático. Osos polares afogando no océano Ártico por culpa





da fusión da banquisa. Esa foi a noticia que tirou do fío do nobelo; mais non tardaron os convidados no faladoiro en sacar á palestra o desxeo da Antártida, os gases de efecto invernadoiro e o quecemento global coas súas predicíbeis consecuencias. Uns pesados, medio programa enleados en discutir algo tan obvio como a diferenza entre clima e tempo atmosférico e a porfiar por cousas das que ben se vía que pouco entendían. Eu non creo en andrómenas, non trago de boas a primeiras coas trangalladas que din eses baldreus, uns falabaratos aos que nada lles importa que o clima estea a cambiar; cobran por latricar e con tal de non ficar calados

soltan a primeira lilaina que lles ven á cabeza. Eu daquela, e sendo sincero, malia non dubidar das evidencias, non reflexionara dabondo sobre o tema; mais o que si que me quedou ben claro dende ese día é que o tempo anda tolo. Si, diso estou ben certo, que o vivín en carnes propias e para iso estou aquí: para contarche o que aconteceu naquela malfadada xornada e para amosarche as escenas e personaxes que comezaron a desfilarse pola miña mente cando comecei a pensar no asunto.

Desculpa, lector, que prorrrompera sen permiso no espazo íntimo que é a imaxinación, que traspasara sen petar o lintel da túa porta, a porta da túa fantasía, pero sentín de súpeto a necesidade de contarche este enredo e non fun capaz de conterme. Sinto agora ser por natureza tan indeciso e non comezar antes a escribilo, en tardar tanto en poñerlles nome ás cousas e darlles voz aos personaxes que aquí interveñen para que sexas ti agora quen, a partir deles, faga seu o exercicio da creación. Mais ti nada sabes dese tópico que atenaza os autores, a preguiza e o esforzo que nos custa poñernos diante dun folio en branco. Quizais medo fose a palabra máis axeitada, a que debería utilizar para describir esa sensación que adoito nos oprime. Podería dicir como desculpa que non era tan importante contalo, pero non me daba o corpo gardalo dentro por máis tempo. Tampouco sufras, non me achego a ti coa intención de abafarte cunha intriga pesada e aburrida; a pesar de que esa é, supoño, a intención de todo o que conta unha historia. Polo contrario, malia que o que vou relatar sexa

a auténtica verdade, tampouco me importaría aparecer ante os teus ollos coma un argalleiro, ou, mellor aínda, coma un farsante, un auténtico mentireiro compulsivo, se con iso acado o meu propósito: que te deleites coa lectura desta obra.

Comezarei polo principio, que é a forma como se supón que debe ser narrada unha trama, ou polo menos ese foi de sempre o xeito clásico de facelo.

Ti non coñeciches ao Roverto, o meu coche vello, un Rover de segunda man que mercara a bo prezo e que tanto traballo me custara pagar. Non sei moi ben se valeu a pena, pois deume problemas, como ao seu propietario orixinal, dende o primeiro día a pesar de estar case do trinque; por algo se desfaría del o moi raposo. Nada puiden facer. Cando me decatei do erro que cometera e de que o que adquirira non era precisamente unha ganga, xa estaba pagado e non houbo volta atrás. Só me quedou, como fixen, sacarlle o máximo rendemento posíbel.

A súa posesión facía que eu fose o señorito do grupo, o único motorizado naquela época, cando non contaba aínda os vinte anos e na que ninguén da miña idade tiña coche de seu. Que traballaba para o inglés, dicíanme os amigos, dada a británica orixe do vehículo. Si, para o inglés, pero ninguén rexeitaba montar nel. Moito partido lle tiramos ao cochiño! Carrexaba con nós, un bo feixe deles, de troula en troula, unha noite e mais outra, até que o corpo estouraba de puro cansazo. As veces que nos levou á praia, sen importarme que mo enchesen de areas á volta, son incontábeis; das escapadas e as viaxes até

aquí ou até máis alá que faciamos decontino hai tempo que perdín a conta. Despois medramos, ou cando menos os anos foron pasando para todos. Os amigos independizáronse, mercaron os seus propios vehículos e seguiron o seu vieiro. Nós, o Rovertó e mais eu, continuamos xuntos; rematamos os estudos e puxémonos no empeño de tentar cumprir un soño: escribir. O destino, as charlas e as presentacións de libros leváronnos a andar todo o día de arriba para abaixo, quilómetros e quilómetros en compañía, e nós tan contentos.

Todo ten a súa fin, adóitase dicir, e ao pobre carro, como aos porquiños polo San Martiño, chegoulle o día. Non foi por mor dos anos, non penses; non era tanto o vellumio e aínda tiña corda para un tempo. Tampouco pola miña forma un tanto agresiva de guiar, como estarás a supoñer ao ler isto. Como foi, xa que logo, preguntaraste, farto quizais da demora na miña explicación. Ese é o problema: como dicircho e conseguir que me creas, como contarche que o pobre morreu afogado e non penses neste mesmo intre que xa, claro, e que máis? Que queres que che diga se é a mesmísima verdade? Si, tal e como o conto: afogado. Cre en min, que non te coñezo de nada e non teño motivo ningún para mentirche.

O suceso aconteceu o ano pasado, un día de primeiros de outubro, de mañanciña, atravesando a vila de C. Sabes, non? Alá, na beiramar da Fisterra. Parei, paramos, nun semáforo que está no mesmo centro da poboación e que cambiou a vermello. Foi entón cando sucedeu, cando caeu a máis grande

tromba de auga que un poida imaxinar, como se unha ferverza se abrise sobre as nosas cabezas; a miña e a do Rovertto. Miña nai, que xeito de chover! Eu escapei de milagre. Uns reflexos, que xa coidaba esquecidos, acudiron na miña axuda. Tiven o tempo xusto de abrir a porta do condutor, refuxiarme nun portal que atopei aberto após dunha carreira tola e subir as escaleiras até o primeiro andar. O coitadiño do Rovertto non tivo tanta sorte. Aquela enxurrada do demo levouno con ela. Meu pobriño! Estará agora, supoño, repousando de tanta esmorga como viviu nalgún lugar do fondo da ría de C.



## II - ROVERTO, O COCHE

Mentira podre! Todo iso que conta o narrador, as troulas das que tanto se gaba, non eran tampouco para tanto, nada que non fixera calquera rapaz da súa idade. Rapaz ou rapaza, que non é tan vello e os tempos mudaron moito dende as romarías dos nosos avós. Ou pensará que foi el quen descubriu a pólvora? O que acontece é que a fantasía pode con el e cando se pon a falar... Carrexaba até algunha que outra festa con catro amigos que lle seguían a lería porque era o único do grupo que tiña coche de seu... e pouco máis.



Un señor coche, iso si, inglés, e con acabados en madeira de raíz de nogueira que me daban un toque distinguido, señorial. Que vou dicir de min mesmo sen que soe pedante de máis nas túas orellas?

O da treboada, malia que soe a trapallada barata, é completamente certo. Naquel intre eu andaba atento á radio, arrepiado co que andaban a contar sobre o desxeo dos glaciares e a subida das temperaturas e o nivel do mar, a desertización galopante e a loucura dos fenómenos meteorolóxicos: oscilando das secas ás choivas torrenciais e aos ventos entolecidos coma un cataventos embebedado. Si, diso falaban cando aconteceu. Eu non agardaba que caera unha dese calibre, coído que ninguén o esperaba. O día estaba claro, sen vento e con pouca humidade; non ameazaba chuvia tan sequera. O que caeu de súpeto enriba de nós non tivo xeito ningún. Vira moitas tormentas nos meus anos pero como aquela ningunha. A enxurrada que se desencadeou a continuación arramplou con canto atopou por diante: arrincou farois e tamén ben de árbores, enchendo as estradas de ramallada; anegou baixos e sotos e rebentou os canos da rede de sumidoiros deixando no medio das rúas unhas fochancas de moito coidado. Foi un acontecemento tan inesperado e fóra de lugar que non puideron evitar que me levara por diante, arrastrándome sen remisión até a marea. Rematei, presa da impotencia ante aquela forza desbocada da natureza, no mesmo fondo do mar.

Non podo negar que a viaxe até aquí fose toda unha experiencia, por momentos mesmo divertida. Moito me gustou pasar por enriba das rochas ateigadas de arneiróns e correr atrás dun mansío de piarda que nadaba mesmiño na tona da auga; nunca vira os golfos ao vivo, no seu propio ambiente, mexéndose ao ritmo das ondas, quitando os que aparecen ciscados pola praia após os temporais; ver as caras de asombro dos peixes, alucinadas ao meu paso, non tivo prezo. O peor da aventura, manda truco!, foi ir esmagar na caída unha pobre solla que adurmiñaba medio enterrada na area. Que noxo, enfouzar os baixos desa maneira!

Non sei, poida que non fora máis que un ferrancho vello, unha carrilana, como adoitaba dicir de min o narrador, pero coido que merecía un final digno. Comporteime sempre debidamente, facendo o que se agardaba de min; nunca dei problemas, salvando os catro defectos que me viñan de fábrica. Se estaba como estaba érache, igual que cos humanos, cousa dos anos. En contra do paso do tempo, amais de coidarse, pouco se pode facer. En canto á aparencia que amosaba debo dicir no meu descargo que non era culpa miña, senón máis ben da súa deixadez; duns anos a esta parte andaba comigo con moito descoido. Penso que, aínda que por non darme un desgusto non o pronunciaba en voz alta, xa tiña tomada a decisión de cambiarme por outro en canto tivese unha oportunidade. Non lle daba mágoa andarme a toques coas esquinas da defensa ao aparcar nin ao desaparecerme enchéndome de croques, nin me levaba a que me deran un arranxo cando levaba un golpiño ou





me facía unha raia. Xa non sei cando foi a última vez que me andaron na chapa ou levei unha manciña de pintura. Se algo teño que dicir no seu favor é que, cando menos, do motor sempre se ocupou. Revisións e doses frecuentes de aceite nunca faltaron. Da hixiene, tan necesaria, tampouco dou queixa: coñecín ben a aspiradora e os túneles de lavado.

Agora todo iso é historia. Os bos tempos remataron. Acabouse pasear a miña discreta elegancia de aquí para alá, gozando acotío da paisaxe da costa: das praias e dos coídos iluminados coa luz do amencer, das ondas batendo nos cons ou atronando nas furnas. Aquí me tendes, aburrido e esquecido. Esmorecido. Eu si que son agora a verdadeira Casa dos Peixes, con eles todo o día a enredar ao meu arredor, para dentro e para fóra ao seu antollo. Pouco máis me queda xa por diante que unha vida contemplativa e repousar de tanta esmorga como di el que vivín neste escuro fondo da ría de C.

### III - FALA UN PEIXE DA RÌA (DE C)

*Un escacho talvez, de nome Berete; un becho que gasta de moita espiña e, para o meu gusto, non é nada doado de comer. O que, polo que se refire a esta historia, nin pon nin quita mérito á súa opinión.*

Uns auténticos cafres, iso é o que son. Non abundaba con todas as súas artes de pesca para darnos caza, que unha cousa é o anzol e o corricán e outra moi distinta as betas e os trasmallos; xa non digo nada da animalada esa de que arrastren as redes polo fondo levando todo canto atopan cara arriba, lles valla ou non lles valla, e se é que non, como lles acontece decontino, guíndano pola borda e asunto rematado.



Non, non lles chegaba con iso senón que aínda teñen que bombardearnos con dinamita, como se tivésemos petróleo ou fósemos doutra raza ou doutra relixión.

E logo non sentirían falar do desenvolvemento sostíbel e non saberán o que é unha xestión civilizada dos recursos? Parece mentira, como se para eles non chegase o século vinte e un. O que che dicía, uns marulos de moito coidado.

Vin aparecer trebellos ben estraños por aquí. Vin de todo. Mesmo vivín a desfeita que montou o *Prestige*, aquela ferralla que andou a espallar chapapote a esgalla e que case acaba con todos nós. Prefiro non pensalo; cando o recordo pónseme unha laxe no peito e aínda me arreguizan as escamas. Vinche moitas cousas nesta vida, algunha estrañísima certamente, pero isto si que tivo graza, que me quedou o sorriso a medias, sen saber se alucinar ou escachar coa risa. Mira que tirarnos enriba un coche vello! Nunca entendín moi ben as súas teimas; non me semellaron xamais ter demasiado sentido, confésoo, mais que pretenderían con iso? Buscarían quizais crear un microhábitat para poñerlle onde vivir a algunha das familias de peixiños máis desfavorecidas ou con menor capacidade adquisitiva? Tendo en conta a como se puxo o prezo da vivenda dun par de anos a esta parte, a aleta pectoral o metro cadrado, non estivo tan mal a idea. Pero... e os demais que? De que nos serve? Ou é que pensan que andan a decorarnos a paisaxe? Parece que o fondo se nos converteu nunha desas instalacións posmodernas con toda a cachifallada vella que lles

sobra.

Vou co conto, que é o que supoño que che interesa. Recordo que o día do asunto, pois o de que os peixes teñamos apenas tres segundos de memoria é unha solemne parvada, estivera a enredar mentres facía a dixestión dunha nécora ben fermosa que sorprendera despistada á porta da coveira. Entretivérame mirando para un peixe sapo que andaba ao asexo agochado entre as carrouchas e para unha familia de meigas que pasara nadando a rentes do fondo cara a augas máis profundas. Puxérame pouco despois a parolar entre o verdello con dúas maragotas dos nosos asuntos: da mellor hora para apañar os nosos crustáceos favoritos; de cando desovar con máis posibilidades para que os alevíns nos vaian para arriba, medrando fortes e sans; fachendeando da cotización que acadamos na última poxa da lonxa; e de asuntos así dos que adoito falamos os peixes. Andabamos indiferentes todas as tres ao temporal que se desencadeara na superficie cando chegou o ferrancho, do que despois coñecemos, por medio dunhas xuras atrevidas que foron investigar, que se chamaba Rovertó. Levábao a corrente con tanta forza que até a min, unha auténtica *sprinter*, me custou traballo seguilo levado pola curiosidade para ver cara a onde ía caer; e iso que levo toda a vida adestrando a diario nestas augas para sobrevivir e fuxín con éxito ducias de veces dos arrastreiros e algunha tamén, cando me aventuro preto da superficie, dos barcos da ardora que andan ao cerco atrás de xardas, sardiñas e xurelos. O seu destino era de

agardar; nada resiste á forza da gravidade e ao rozamento coa auga. Non tardou en perder velocidade e rematar o pobre do trebello alá abaixo, nun leito de area a case corenta metros, no fondo da ría de C, un lugar inhóspito e escuro onde a luz apenas é quen de tradear a negrume e tan só se achegan as estrelas.

#### IV - GAVELA DE MARIÕEIROS XUBILADOS DE C

*A que adoita xogar a partida de subhastado na Taberna do Andrucho e senta a parolar nun banco do paseo marítimo á sombra dun tamarindo cando non chove; cousa que están a facer agora, parolar, coas súas palabras inzadas de gheada.*

**Manel:** Non dan unha, meu home, non acertan nin atándolles o pasallás á escopeta. Porque mira ti se non se vía vir o asunto.

**Manolo:** Que asunto, Patrón, de que falas?



**Manel:** E de que vou falar? Do que está na boca de todos, da treboada deste día.

**Manolo:** Non me estraña que non se fale doutro tema. Temporais haiche todos os invernos, mais coma este eu nunca vira ningún.

**Manel:** Foiche un vendaval ben bravo, si, señor. Que maneira de caer auga! Mira se choveu, que o río desbordou e os canos de drenaxe que van soterrados por baixo das rúas non deron de si e rebentaron.

**Manolo:** Así quedaron despois aquelas fochancas. Metía medo miralas!

**Manel:** E que aquilo foi máis que chover a chuzos; e a

enchente que veu despois aínda levou ben de coches por diante.

**Manolo:** Levou, si, señor.

**Manel:** Pero é que caeu tantiña que nalgún lugar da vila a auga acadou os dous metros de altura e, cando baixou, houbo onde quedou un bo lameiro de case que un metro de fondo.

**Lelucho:** Si, foiche moitiño. Chegou sen avisar cando non era aínda a hora do caldo, catro refoladas de vento tolo e veña, a chover sen xeito.

**Manel:** De catro refoladas nada, que o aire xa andaba revoltado. Virou aquela mañá todo o que lle deu a gana. Un pouco do sur, logo travesía, outra volta vendaval... e así canto quixo.

**Lelucho:** Non, señor. Non era vento do mar nin de poñente como ti dis, érache nordesía, ben o sei eu, que a miña muller puxera a roupa a secar na horta e o tendal case voa, que che está dese mesmo lado.

**Manel:** Que saberás ti de que banda viña o aire, que hai tempo que non che vai a xeito a agulla de marear.

**Lelucho:** Eu xa o sabía á mañá, cando acordei. Sabía que ía vir.

Vaites, como os vedoiros! Xa está o señor contramestre coas súas historias.

**Lelucho:** Puxéronme en aviso as costas e mais os xeonllos.

Levantouseme de súpeto unha dor entolecida, como se me chantasen nos riles un milleiro de alfinetes ou me acoitelasen de vez.

**Manolo:** Non te enganes, Lelo, esa é a vellez.

**Lelucho.** A dor era tanta que me botou fóra da cama. Saín á horta e todo era azul, non se enxergaba nin unha nube.

**Manel:** E non dixeches antes que petaba do nordeste? A ver se te aclaras!

**Lelucho:** Dixen, si, e é verdade. Entrei, almorcei unha cunca de sopas, e ao pouco, cando saín outra volta, o tempo cambiara. Levantárase nordés, e petaban unhas raxadas tan frías que me deixaron o ánimo destemperado.

**Manel:** E dálle! Que dis, home? Ti xa non ves nin a boia de terra! Por non saber... non sabes nin onde tes a cachola.

**Lelucho:** Oes, ti, traste vello, coidadiño co que dis! Non me quentes moito...

**Manolo:** Acougade, ho! Non empededes outra vez. Encabuxádesvos por nada, parece mentira que sexades amigos dende hai sesenta anos. Ademais, xa sabedes o que se di: ceo pedrento, chuvia ou vento.

**Lelucho:** O refrán estache moi ben, pero o ceo estaba limpo, non había nin unha nube.



**Manel:** Había tal, si señor. Había unhas nubes de trono que poñía medo velas.

**Lelucho:** Non tal.

**Manuel:** Si tal.

**Lelucho:** Pois non lostregou nin nada.

**Manel:** Lostregar! Lestregar, será, digo eu. O que che faltaba a ti agora, falar como os presentadores resabidos da televisión!

**Lelucho:** Eu falo como me peta.

**Manel:** Si, si, como che peta. Ti non falas, ti só sabes esbardallar na taberna, que es ben badulaque.

**Lelucho:** Que son que? Xa andas a me faltar outra vez? Non podes falar sen ter que me insultar? E ademais non lostregou para nada. Non tal.

**Manel:** Si tal, furtivo do demo!

**Lelucho:** Furtivo? Furtivo eu? Hai que ter moita cara, meu! Que mo digas ti, o maior dinamiteiro da contorna, xa é o colmo.

**Manel:** Que pavero es, meu rei! Vésme agora co conto da dinamita, tanto tempo despois. Ademais, iso non se demostrou nunca. Pero todo o mundo sabe que ti sempre fuches dos de marisco para hoxe e fame para mañá.

**Lelucho:** Non te pases, que tampouco é para tanto. Todos de

cando en vez levamos para casa un capacho cunhas necoriñas fóra de tempo ou unha centola que non daban o talle pero...

**Manolo:** Home, non me negarás que fomos bastante salvaxes.

**Manel:** Non amoles ti agora, Manolo!

**Manolo:** Cando eramos novos o mar estábache espeso de peixes grandes coma mundos, case viñan á rede eles sós; non había, como quen di, nin que cebar o anzol.

**Manel:** E que queres dicir con iso?

**Manolo:** Pois que arramplamos con todo. Comportámonos como a frota pirata, fómosche nós os que arruinamos a metade dos caladoiros do mundo.

**Lelucho:** Si, ti dirás o que queiras, que o falar non ten cancelas, pero se comezas a sacar trapos suxos non imos quedar moi ben ningún dos tres.

**Manolo:** Había que aumentar o esforzo pesqueiro, dicíase, e os barcos tiñan de cada vez máis tonelaxe e máis cabalos, e con todos os medios tecnolóxicos a ateigar o panel de mando.

**Lelucho:** Xa sei por onde vas. Sempre tivemos os últimos instrumentos de navegación: radar, sonar, o *plotter* e o satélite... E que?

**Manolo:** Pois que ao pouco todo era inútil. A cada largada viña menos peixe no aparello, necesitabamos máis días para

enchermos as bodegas e as mareas facíanse máis longas.

**Manel:** Pois ben que marcaron os talles mínimos e puxeron vedas e paradas biolóxicas. As patrulleiras estaban por todas partes e había inspectores a esgalla a mirar polo que faciamos.

**Manolo:** E xa ves ti para que serviu, que nin rabo de peixe quedou, nin espiñas para o gato. Así acabamos comendo o argazo, roendo no verdello como os xaponeses.

**Manel:** Para o carro, meu, que non foi tampouco para tanto.

**Manolo:** E logo que fan os mariñeiros por aí aqueloutrados todo o día, ao garete, e por que seguen os barcos a podrecer amarrados no porto?

**Manel:** Non te estarás a volver ecoloxista ti agora?

**Lelucho:** Déixao, ho! Véñenlle agora os remorsos ao maquinista, mira ti. Serán cousas da idade.

**Manel:** E serán. Teremos que buscarlle logo unha praza no asilo.

**Manolo:** Ándache boa a navalla! Levo toda a mañá a tratar de poñer paz e vós aínda vos aliades en contra miña. Seredes cans! Mellor calo...

**Lelucho:** Home, e que querías? Chámasnos furtivos, piratas e non sei cantas cousas máis e pretendes que calemos?

**Manolo:** Acabouse o carbón! Non vos aturo máis. Marcho, que

teño vez para receitas na Casa do Mar.

**Lelucho:** Moi ben, home. Abur, xa nos veremos.

**Manel:** Vaite, si. Vai pola sombríña, que o sol na cabeza non é nada bo, e menos aos teus anos.

## V – FALA A TREBOADA

Xa está ben, non che parece? Todo o mundo a falar mal de min, a non facer outra cousa que botarme a culpa do asunto da enchente que asolou a vila de C aínda a sabendas de que non teño unha voz coa que defenderme das acusacións. A fama de rabuda e destrutiva é inxusta; ben sei que non adoito andar acotío cunha carga tan grande de humidade, pero has de saber que, desta volta, as circunstancias foran algo distintas ás habituais.



O que ocorreu é que en augas das illas dos Azores, un dos lugares onde é frecuente que comece a formarme, o sol petaba con forza, con moita, moita forza, e en consecuencia ía máis calor da normal; isto ocasionou que a evaporación fose esaxerada, o aire quecese varios graos por enriba do ordinario e, polo tanto, a cantidade de vapor de auga que podía transportar moi superior á acostumada. Isto é un feito, non unha opinión; que eu, malia ser parte implicada no sarillo, de mudanzas climáticas e das liortas esas que vos traedes entre mans nada sei. Atravesei logo o Atlántico en poucos días de

tensa calma, incrementando a miña forza no transcurso da viaxe co paso por riba do océano, sabedora de que era só cuestión de tempo que liberara a enerxía que levaba gardada no ventre. Os ventos do oeste que me trouxeron cara aquí non atoparon aire frío ningún no seu camiño que provocara a condensación do vapor que levaba canda min até chegar a esta costa.

E entón sucedeu. Xusto ao chegar, á vista das ribeiras da Fisterra, encontreime de fronte co céfiro que viña do norte; de Irlanda, de Islandia ou dalgún outro xélido lugar aínda máis próximo ao polo. Que ía facer un aire quente e tropical coma min ao atoparse de socato cos fociños do temido vento ártico? Pois ascender. Subir e subir sen pousío cara ao ceo. Que, se non? A friaxe das alturas elevou sen remisión a miña humidade relativa até acadar o cen por cen, o que fixo que chegase ao punto de saturación. Superado ese límite a condensación foi inevitábel e deixei caer de golpe toda a carga que carrexaba comigo. O que aconteceu deseguido xa o coñeces pola prensa; é doado resumilo en tres palabras: os pluviómetros tolearon.

Intensa e súbita, dixeron de min os xornalistas nos seus artigos e columnas de opinión. Algo normal, penso eu, ou non? Ou que querían, entón? O lóxico é que faga o meu labor, o que por definición me corresponde. Mira nun dicionario e verás ben ás claras de que xeito me describe. Intensa e súbita. Home, e logo! E que, de non ser así, intensa e súbita, non sería unha treboada, sería calquera outra cousa. Parece mentira, como se

nunca chovese en outubro. Non sei en que país pensan que viven, no Levante ou no Caribe? Semella que nunca visen ventar e tronar. Está moi ben que se aburguesen, pero o que dende logo non poden agardar é que isto se converta en Marbella, a Costa do Sol ou calquera sitio deses. Si, dixer exactamente iso, que se comportan dunha maneira que unha non pode pensar doutro xeito. Tan só lles falta comezar a construír urbanizacións e campos de golf no que noutrora foran touzas e leiras de millo. Tampouco esaxero tanto, non penses, ben coñezo que iso é exactamente o que moitos están a desexar; non teñen máis pensamento dentro dos miolos que o contido do interior dos seus petos. Non asubíes, ben sei que é posíbel que ti sexas dos que andan a agardar o mesmo.

Mais que lle vou facer; eu son o que son. Se non lles gusta que rañen, ou que me denunciem. Eles mesmos.

## VI - CARTA DA YÈSSICA

*A que lle encargou a profesora de técnicas de expresión escrita da súa clase, 1º da ESO, grupo B, e que vai dirixida a Ramoncho, o seu pai.*



Querido papá:

Tes que saber que me porto moi ben, estudo moito e estou sendo tan boa, tan boa que agardo que me traías ese agasallo que ti e mais eu sabemos, o que me prometiches no aeroporto antes de marchares.



Mamá está ben, tan guapa coma sempre, ou máis; coido moito dela como me pediches, aínda que non para na casa, pois anda sempre ocupadísima co traballo. Ás veces non a vexo até a noitiña, cando case é hora de me deitar.

Pola vila segue todo igual. Todo, todo, non, pois este verán case morremos asfixiadas de tanta calor como ía. Foi polo bo tempo, pero tamén por culpa dos incendios, que veu un detrás do outro e estivo todo o tempo a arder. Mesmo houbo días nos que non puidemos ir á praia e tivemos que encerrarnos na casa ben pechadas por mor de tanto fume como chegaba á vila. O único que podía facer era xogar, ler un pouco até que me aburría e logo ver a tele con mamá, as dúas estomballadas coma preas no sofá, acoradas coa calor.

E agora mira ti, pasou o da tormenta, que ti non sei se xa o sabes pero hai uns días veu de súpeto un temporal tremendo e caeu unha treboada tan grande que case nos afoga a todos, a mamá, a min, aos avós e a todos os da Vila. Ai, papaiño, moito medo pasamos! E logo veu unha enchente enorme que inundou a tenda de larpeiradas da tía Mucha e os comercios novos da rúa do Centro. Non o crerás, pero veu con tanta forza que até levou varios coches para o mar.

Di a señorita P., a profe de natu, que a culpa é nosa, dos humanos, porque seica andamos a comportarnos dunha forma terríbel coa natureza. Disque contaminamos moito, consumimos moita enerxía nos coches e nos avións, e que facemos demasiadas casas e cousas así. Este día afirmou toda

seria que estabamos a marbellizar a costa, e explicounos despois que non tiña nada que ver con que estivésemos a poñer máis fermosa a beira do mar. Falaba das construcións. Edificamos demasiado, papá, e temos todo o litoral ateigado de ladrillos e de cemento. Construimos mesmo enriba das praias e fixéronse bloques de vivendas no medio das leiras, en lugares onde antes se botaban patacas e non había nin un alpendre. Non temos sentidiño ningún, insístenos decotío. Estanse a facer algúns pisos tan pequenos e con tan pouca luz que nin casas son; máis ben semellan, e pon cara de noxo cando nos di iso, cortellos para animais.

Eu non sei moi ben se crela, paréceme todo moi esaxerado, como toda ela e todo o que di. Xa ti tiñas que ver como se pinta e de que xeito se viste, como se fose unha moza; e é máis vella cá avoa. Eu non creo que andes a facer nada malo cando colles o avión para ir a Fuerteventura a traballar ou cando andas a levantar apartamentos ou hoteis. Todo o contrario; fas casas bonitas para que viva a xente e ninguén sabe colocar ladrillos tan ben coma ti, dimo sempre mamá. Ademais, xa sei que non marchas porque ti queiras, senón que andas fóra porque aquí o do mar está moi mal, pois xa case non hai peixe e co que se gaña non chega nin para o gasóleo.

Algunhas das miñas amigas están moi impresionadas con estas cousas; a nai de Vanessa veu falar coa directora para protestarlle, porque agora ela non quere vivir onde vive nin que a traian ao colexio no coche. Quere unha casa máis pequena,

e non ese chalé inmenso cun milleiro de cuartos baleiros que fixo o pai a rentes da praia de Arealonga, e vir canda os seus amigos no autobús escolar, aínda que para iso teña que erguerse máis cedo e camiñar até a parada.

Por hoxe non teño máis que contarche, vou axudar a mamá a poñer a mesa para a cea. Ademais, supoño que non te queixarás, nunca escribira tanto: máis dun folio! Despídome de ti co desexo de que veñas moi pronto cargado de agasallos para min, e algún tamén para mamá. Moitos bicos deses que a ti che gustan de:

A túa minchoca  
Yéssica



## VII - FALA O RÌO QUE DESBORDOU

*Ou riacho; pois cun caudal habitual de ben poucos litros, unha canle de apenas un metro de ancho, e cuarta e pico de fondo non é tampouco como para poñerse épicos co tamaño do curso fluvial.*

Iso é algo que podía ver calquera, até coas pálpebras ateigadas de tirizós se vía vir o que ía pasar en canto nos caeran enriba catro gotas. Que logo fosen cento cincuenta litros por metro cadrado en apenas unha hora éche outro conto. Tampouco deberían estar tan sorprendidos; despois do que fixeron comigo non podían agardar outra cousa. Tan só era cuestión de tempo que acontecese.



Escoitaron tantas historias do asunto e imaxinaron tantos cartos no negocio que quixeron xogar tamén eles aos especuladores, ou eran menos ca os demais? Ás noites xa non podían durmir, atacados polos nervios e o insomnio, e pasaban o día a soñar espertos coas posibilidades das recualificacións de terreos. Fóronche tan listos que non se lles ocorreu outra idea que a de urbanizar a eito. Que lugar mellor para comezar cos seus proxectos faraónicos que a xunqueira do fondo da ría? Que máis tiña que fose zona protexida se estaba no mesmo centro da vila e tan só había que recubrila de terra. Desecárona primeiro, como non? Fixeron o recheo sen importarlles ren a bicharía que alí vivía. Cánto valían dous parrulos e unha garza, unha, que viña no inverno e se dedicaba a papar ras nas canles da marisma. Que máis había? Carrizos, píllaras, brañas ateigadas

de mosquitos, canas a feixes e unha morea de cabezolos? Que valor pode ter iso? Moito menos os catro ecoloxistas que apareceron para protestar. Hai que manter a orde; un par de lapotes ben dados e asunto rematado, que para iso cobran un soldo os de uniforme. Despois tiraron para arriba, veña a construír! Cemento e formigón. Vivendas a esgalla; un concello novo; un centro comercial e mesmo un hospital. Iso si que tivo truco, erguer un hospital enriba dun lameiro! E fóronche taaaaan listos que até fixeron os aparcadoiros por debaixo do nivel do mar, e claro, que che vou dicir que non saibas? Mentres funcione a lei da gravidade e mais a dos vasos comunicantes, de cada vez que chova a auga vai para dentro e os carros reconvértense en gamelas.

Logo tocoume a min. Hai que ter ben mala sorte! Que lles faría eu, percorrendo a veiga manseliño, sempre tan pacífico? Levaba séculos gozando devagar do meu camiño dende o manancial até a marea, dos meus saltos e fervenzas, das reviravoltas dos meandros e a frescura dos regatos. Non tiveron piedade, nin un triste salgueiro me deixaron, nin un bido ou un ameneiro que me dese unha sombra. Tratáronme como a un estorbo no medio dos seus plans, como se fose un enfermo terminal que hai que sacar do medio. E non era ilegal a eutanasia?

Xa levaba un tempo sentíndome mal, enzoufado por dentro, co leite ateigado de lixo e borralla de incendio. Chegado o día non lles tremeu o pulso. Entubáronme primeiro. Encorsetáronme o camiño soterrándoo baixo as rúas da vila. No que fora a miña

veiga levantaron as vivendas; ergueron armatostes cunha manchea de pisos. Non se contentaron con construílos ao meu carón. Non. Tiveron que chantarmos, manda de badulaques, mesmo encima. Canalizaron cara a min, para onde se non?, as augas fecais; ateigáronme de refugallos e excrementos e aínda foron quen de dicir, os porcalláns, que apetrenaba. Curso arriba, na miseria en que quedou a miña canle, tiraron o entullo, pois seica non atoparon mellor sitio onde botalo; iso si, nun recanto fixeron un paseo con banquiños ben xeitoso para os vellos.

Menten máis que falan. Non saben nin o que din e por riba o mesmo pensaron os moi inxenuos que logo de eles construíren non ía chover máis. Mal que lles pese, ocorreu o que todo o mundo que o pensou cando menos unha vez deduciu que tiña que pasar. Sepultáronme en vida, e logo, por se lles parecía pouco, atoáronme e enchéronme. Enchéronme ben cheo, até mesmo rebentar.

## VIII - PATIO DE LUCES

*Conversa entre Mucha, Menchu e Moncha dende as súas respectivas xanelas do 4º C e os segundos A e D.*



**Moncha:** E logo... que me dices do que pasou? –berrou a nai de Yéssica dende a súa ventá do cuarto dirixíndose ás veciñas que tendían a roupa dous pisos máis abaixo.

**Mucha:** E que é o que pasou, Monchiña? –contestoulle a súa cuñada pegando voces como se vivise no edificio de enfronte—. O da treboada?



**Moncha:** Claro, muller, e de que vou falar se non?

**Mucha:** Ai, miña filla, e que queres que che digamos? Pois mira, eu estaba na rúa cando pasou, fora mercar unha pouca masa para facer a empanada de xoubas que lle prometín a túa filla, e aínda non sei como me deu tempo a escapar.

**Moncha:** Como foi, logo? Céntame!

**Mucha:** Zafei de milagre. Menos mal que xa viña de volta para a casa e non estaba lonxe do portal, a apenas unha carreiriña de can. Santa Bárbara bendita!, dixeran para min cando me decatei do que estaba a caer... acordaraste de nós, non si, miña santiña? E até lle recei un Noso Pai ás présas mentres corría escaleiras arriba.

**Moncha:** Seica me queres amolar! E dende cando es ti de rezos?

**Mucha:** De misas e de facer rogativas non serei moito, non coma ti, pero tampouco están de máis nun caso así.

**Menchu:** Pois ao meu home pillouno cunha trencha na man facendo un arranxo na tenda e co susto meteuse unha tallada que case lle leva un dedo e mo deixa mancado –interveu na rifa a veciña do 2ºA sen moitos miramentos–. Se polo menos lle desen unha paga por toco...

**Moncha:** Ai, Menchu, muller, que bruta es! Arrenegado sexa o demo, carafio!

**Menchu:** Cala, Moncha! Non digas pecados, que despois se che escapan diante da nena.

**Moncha:** Como queres que non os diga? Mira que ás veces tes unhas cousas...

**Mucha:** E vistes como temos os garaxes? Con dous metros de

auga, os coches a nadar e os rochos anegados. Da tenda xa non quero nin falar, con todo o xénero estragado.

**Moncha:** Muller, tampouco é para que te poñas dese xeito!

**Mucha:** De que xeito nin de que xeito, ouh! Eu non me poño de ningún xeito!

**Moncha:** Ai, Mucha, e non ves como estás toda alporizada. A culpa non che é nosa, xa o sabes, e temos o garaxe tan alagado coma o teu.

**Menchu:** Pois o do meu baixo novo da rúa do Centro é bastante peor. Volveuse un lameiro de moito coidado, que a ver quen mo limpa agora! A madeira do chan haberá que desbotala e poñer unha tarima nova; das paredes xa non vos digo nada, a pintar todo outra vez, co traballiño que nos deu escoller as cores!

**Mucha:** Si, vosa xa sei que non é, mais de alguén ha de ser, que chover sempre choveu pero nunca pasara nada semellante. E se a ti che fixo boa desfeita, que me dis da miña tenda de galdrumadas? A auga dissolveu o azucre das larpeiradas! Xa non quero nin pensar como vai quedar todo de pegañento cando baixe o nivel. Vou ter que limpar até o último currucho.

**Moncha:** Pois está claro, non? Que do home do tempo non vai ser.

**Menchu:** Muller, claro que non. E de quen é entón a culpa,

segundo ti?

**Moncha:** E de quen vai ser? Dos políticos, claro está!

**Mucha:** Dos políticos? E por que dis iso? Nin que agora chovera por culpa deles.

**Moncha:** Chover non. Pero quen son os culpábeis de que a auga arramplara con todo? Quen deu os permisos para urbanizar no río e permitiu que non deixaran nin un rego pequeno para a chuvia?

**Mucha:** Pois se cadra até levas razón, a verdade é que non o pensara. Moito nos venderon o das urbanizacións que ían facer cando foi das eleccións! Non falaban doutro tema, nin os de aquí nin os que viñan da capital. Non vos acordades?

**Menchu:** Como non nos imos acordar? Seica a vila ía ser o non vai máis da beiramar da Fisterra. O colmo da modernidade e do progreso, segundo eles, toda chea de urbanizacións e cunha rúa Comercial con tendas de último deseño que nin en Las Vegas.

**Mucha:** Que xentiña, recoiro! Para que te fíes deles! Por un voto véndenche o que non hai, e despois non se volven acordar de nós en catro anos.

**Moncha:** O que hai é moito inútil sen oficio nin beneficio que se apunta onde cheire a cartos.

**Menchu:** Tampouco serán todos así, non?

**Moncha:** Muller, todos non, claro está; pero logo xa ves, falan e falan e non fan nada a xeito.

**Menchu:** Son uns bardallas; din o que queremos escoitar pero logo...

**Moncha:** Si, uns mesías, como se fosen redimir o mundo. E o peor é que nós cremos neles coma bobas.

**Mucha:** Sómosche ben guiadiñas!

**Menchu:** Así nos vai. Non me estraña que de cada vez se confíe menos neles.

**Moncha:** Nenas, xa está ben de política por hoxe. Voume para dentro a ver en que anda a enredar a Yéssica, que xa debeu acabar a carta que lle estaba a escribir a seu pai. Vémonos despois.

**Mucha:** Moi ben, deica logo. Eu vou ao ximnasio, aínda me dá tempo de queimar dúas ducias de calorías antes de xantar.

**Menchu:** Que boa idea, Carmucha. Tiña que facer uns recados pero a verdade é que non levan présa, xa irei pola tarde. Vémonos alí. Aburiño.

## IX - ARNALDO, LAGARTO ARNAL

O meu sangue é frío, abofé, ou iso pensaba eu. Era o que sempre escoitara dicir ao mestre na escola e o que poñen nas súas descrições as guías de réptiles. Ultimamente xa o dubido, pois iso de que nos veráns se me poña por riba dos corenta graos, amais de ser moi pouco agradábel, fai que asemelle que máis ben me circule caldo de unto polas veas. Os máis vellos da miña especie andan sempre a falar que a xuventude está tola e toda esa leria; a proclamar que antes se vivía mellor, que había máis insectos, moitos máis, para comer, e que agora a vida che está moi cara, sobre todo dende a entrada do euro, e, por se non fose suficiente con eses problemas, veunos enriba o do cambio climático e mais o dos incendios.



Vellos serán, non vou dicir que non, pero algo de razón si que levan. Antes viviamos tan fresquiños, a adurmiñar repousadiños no cubil, deixándonos levar pola nugalla todo o inverno baixo unha pedra ou na greta dalgún muro sen que nada nos molestase. Porén, teño para min que agora, a pesar de que adoito quedar fondamente adormecido, as xeadas non son como eran; eu polo menos non sinto case frío e nin frieiras teño. Non é estraño que esperte de cando en vez sentíndome acorado, coas escamas suorentas, e así non hai quen descansa, sempre activo, co metabolismo descontrolado coas subidas das temperaturas, e logo veña, chega o verán e todos a querer facer churrasco á nosa conta.

Ás veces penso que vivo nun campo de batalla ou no medio dunha competición por ver quen é o campión que prende máis lumes. Non sei se arde, como din algúns, porque son os vellos que loitan contra o mato que medra vizoso coma un cancro ou porque é para afastar o porco bravo ou mesmo o lobo. Dise que uns o prenden por que despois especulan co prezo da madeira, que así é máis barata; e outros porque che son historias de xenreiras e vinganzas persoais. Motivos terán moitos, eses e moitos outros, cada un os seus. Nós niso non nos metemos, pois son cousas de cada un e tanto nos ten carne que peixe, eles verán o que fan. Non sei cando van acabar con isto; pero si sei, malia ser o meu cerebro bastante máis cativo ca o teu, que a pesar de que hai moitos ferrados de monte, este non é infinito.

Cando arde paso medo. Si, medo, e aínda quedo curto coa palabra. Coido que sempre fun un becho de carácter afouto, pero intenta poñerte por un intre no meu peello. A escolla non é doada: acabar queimado ou asfixiado. Compre ser listo como un allo e andar sempre alerta, cun tobo fondo preparado decontino; e ben á man, que se o lume me colle a contra pé, asexando unha presa, vou aviado. Após o incendio o monte queda triste e eu síntome estraño, como se tivese unha esgazadura por dentro, cunha dor que parece que me amputasen algo. Penso que os científicos non demostraron que a alma, o espírito, ou o que queira que teñamos, aínda que sexa a dun lagarto, non exista, e que non ande agochada nun recuncho esquecido dalgunha víscera. Os superviventes deben sentir algo parecido e moitos marchan. Logo volven, pois non tarda en vir a herba e mais en agromar rebentos novos e tenros. As escribentas, que se vían de raro en raro, vólvense de súpeto abondosas. Mais as estrelañas, que tanto me alegran os días, desaparecen; non se volven ver en moito tempo. Haberá que agardar un par de anos, a que a toxeira medre, para que aparezan outra volta os chascos e as papuxas do mato.

Tamén é certo que co lume o terreo queda ao descuberto, limpo para que as rapinas fagan presa fácil en nós. Por se foran pouco as cobras lagarteiras, agora hai que andar con ollo co miñado e o azor.

Sonche tan listos que despois de que arde non se lles ocorre



plantar de novo nin un toxo, mesmo con sementes vascas, que eses paspáns non as distinguen e eu ben sei o que digo. É verdade que pronto abrollan as cepas que sobreviviron e que tampouco tardan as sementes soterradas en xerminar despois do lume, pero tamén o é que en canto choven catro gotas vaixe toda a terra, primeiro ao río e logo para a ría; se alí lle fai de abrigo á area e mais ao marisco, pois mira ti, que se amolen os que andan ao berberecho e ás ameixas, ou que marchen para as Canarias, que seica alí hai moito choio. Pensará a mariscadora da ría ou o mareante do mar da Fisterra que os culpábeis son uns paisanos que decidiron, porque efectivamente eran seus, cortar os montes para vender a un prezo miserábel as árbores chamuscadas para pasta de papel? Ou crerán que é cousa das autoridades que o consentiron ou, por deixadez, non fixeron ren por evitalo? E despois que? Sementarán na pedra agardando que bote raizame algo verde no granito, ou virán con camións de terra a ducias ou milleiros para recuperar ese solo que deixaron desaparecer nuns meses?

Ben mirado tampouco está tan mal, algunha vantaxe habería de ter. Que haxa menos solo e máis pedreira a nós parécenos moi ben, dicir o contrario sería mentir, deste xeito temos sitio abondo onde poñernos ao solíño. Co que me gusta asollarme enriba das pedras, pechar os ollos e esquecer o mundo! O sol, a miña paixón! Outra lería éche esa, a do sol, que co asunto do burato da capa de ozono até imos ter que refregar as escamas con protector; pois non menten cando contan que agora peta

moito, máis ca nunca. Teremos que enzoufarnos de untura, factor sesenta cando menos, para non rematar convertidos en lagarto ao espeto, e se non xa se saben as consecuencias, arrenegado sexa o demo!

E coidadiño, eh! O que falo non é o primeiro que se me ocorre; a miña opinión non é a dun calquera, a dun lagarto das silvas ou a dunha diminuta lagarta. Aínda hai clases, por moito que xa non se recorde nin cando caeu o pazo de inverno. Eu son un arnal, un becho grande e fermoso. Son forte, moi, moi forte, un dos meirandes desta terra. Medrei vizoso, pois a andar atrás dos grilos carniceiros e botar barbantesas no papo non hai quen me faga sombra, e sempre fun gran cazador de saltóns e libeliñas, que moito alimentan, todiño proteína. O meu é a espreita e o asexo. Seguindo un rastro son implacábel. A miña lingua é como o raio. Infalíbel.

## X - MENDIÑO, O DA CONSTRUTORA

*Un cheíñas que se enriqueceu facendo chabolos de corenta metros cadrados en terreos recualificados e vendéndoos como se fosen chalés de luxo de catro ferrados.*

Un regato. Non era máis que un regato enxoiro, cagoensós! Botou abaixo o negocio unha miseria de regueiro que non levaba nin auga. E agora que? Quen vai poñer solución a este ensarillado? Estamos no ollo de todo o mundo; hannos mirar con lupa até debaixo do refaixo, e aínda imos ter sorte se algún de nós non acaba... mellor nin pensalo.



Vaiche boa coa marusía que nos vén enriba! E todo por que? Que mal fixen eu? Eu son fundamental para o país. Eu e outros coma min. Quen se non crea emprego nesta terra esmorecida? Quen dinamiza a economía neste recuncho, país de Nunca Xamais? Cal é, dime, o sector empresarial que máis contribúe a mellorar o PIB e, xa que logo, o noso nivel de vida? O noso e tamén, non o esquezas, o teu. Entón, se iso é así, a que vén esta teima de meterse cos construtores, de procurar que canguemos coas culpas de todos os males. Sempre hai, ben o sabes, danos colaterais, ou, coa linguaxe da terra: non hai peixe sen espiñas. Pois, a dicir verdade, se as casas son feas a culpa será, digo eu, de quen as quere así, morea de pailáns sen gusto ningún; e terana os arquitectos que as deseñan, que xa me



dirás ti para que demos fixeron estudos; ou os políticos, feixe de hipócritas, que dan os permisos, non rexeitan as paparotas, sexan cocidos ou mariscadas, e, por riba, aínda hai que cotizar sen falta a porcentaxe do concello; sen esquecer o imposto revolucionario en concepto de asesoramento que vai dar aos seus petos. Os plans de urbanismo nin mencionalos, que non son, por suposto, asunto noso; se a canle do riacho ese do que todo o mundo fala se fixo máis estreita e ancorada en cemento será cuestión, digo eu, da planificación do concello.

Non sei logo por que vén a conto falar de corrupción urbanística ou de tráfico de influencias. O do mercadeo de permisos sonche andrómenas, escuso dicilo; eu non aparezo de madrugada na casa de ninguén cun maletín e catro sabuxos de ximnasio para lle meter presión, iso son argumentos de película. Isto é a beiramar da Fisterra e non Chicago nin Sicilia. Aos xornalistas moito lles presta ver pantasma en todas partes e quentarlle a cabeza á xente. Non saben o que han de inventar para vender catro papeis. Escribirán despois da deforestación e do cambio climático coa conciencia tranquila sabendo do que falan; eles, os maiores consumidores de árbores do planeta. Parece mentira que gastemos os cartos en inserir anuncios acotío; dáslles de comer e xa ves como cho pagan. É como alimentar os corvos, en canto te descoidas arríncanche os ollos. Se fose certo a metade do que din xa habería de andar atrás de nós a *fiscalía* de delictos urbanísticos. E non hai tal, que coa fiscalía crúzome no Café ás mañás e sempre me saúda cun Bo día dun xeito ben amábel e natural.



Outro tema son as amizades, pois se por exemplo me levo con Tonecho de Andrucho, o concelleiro de Urbanismo, será asunto meu, digo eu. Non teño por que xustificar con quen tomo os viños ou saio algunha noite de troula. Se son padriño da Vanessa, a súa filla, é porque nos levamos ben, porque hai sintonía entre nós, entendes? Que terá iso de malo! Ademais, é normal, se queres que cho diga, pois de cativo fun con el á escola e agora coincidimos no club de tenis e máis no náutico; e se saímos de pesca xuntos no meu iate xa entenderás que é porque temos intereses comúns: as fanecas, as robalizas... e así.

## XI - TOÛITO DE ANDRUCHO

*O concelleiro de Urbanismo que deu os permisos.*

A vida son dous días. Dous, nin un máis, e hai que vivila, non si? Que pega tes logo que poñerme? Iso é o que fago, vivir, vivir ben, todo o ben que podo. Mais para iso fan falla moitos cartos, moitiños. Hai que andar cos petos cheos se se quere gozar sen cancelas do que o mundo nos ofrece.



Cadaquén ten os seus motivos, que hai xente altruísta e haina tamén oportunista, pero eu non che vou dicir máis claro o porqué de que me metera en política; para que digas despois que non imos coa verdade por diante. É certo que non quixen estudar, e non foi porque eu non sexa espelido dabondo, eh? O que ocorre é que na clase aburríame; os mestres só explicaban trangalladas que non servían para nada, inútiles para a vida. Cando o meu pai cansou de que repetise cursos e me mandaran sancionado para a casa meteume con el a traballar na taberna. Aquilo non era vida: a choiar todo o día por catro cadelas e unha miseria de propinas, aturar bebedelas e soportar despezos; tratábanme como se fose un farrapo vello, menos aínda que un paria da India: neno para aquí, neno para alá... Polo menos deume para coñecer moita xente e poñerme ao corrente de moitos segredos, esas confidencias que se contan cando bebes dúas chiquitas. O demais, chegar até aquí e coller unha boa posición no concello, tampouco foi tan difícil. Pode facelo calquera, só hai que contactar coa persoa adecuada e conseguir que che metan ben arriba nunha lista. Máis nada. Non precisas nin saber falar.

Tampouco vaias facerte á idea, polo que conto, de que son tan egoísta; non quero nada distinto do que quere todo o mundo, do que de seguro ti mesmo queres: un bo buga; o piso e mais o chalé na praia; unha moto molona para o bo tempo, que cada ano dura máis e se lle saca máis proveito; alfaias e trapiños para a compañeira; bos colexios e de prestixio para a nena, cunha morea de extraescolares, iso si, que está nunha idade



moi difícil e non é cuestión de tela amolando todo o día casa adiante; unha viaxeciña ao ano, cando menos, até o Caribe ou así, pois moito presta botar o día na hamaca a carón da piscina, relaxándose deste stress da vida moderna! Que máis queres que che diga? Os cartos esváense por entre os dedos sen que un se dea de conta, iso é algo que seguro que xa sabes por ti mesmo. Eu cando menos non fun nunca un descarado, que tamén sabes que hai moito chimpafigos que caía coa fame e ao mes de andar na política xa invitaba a toda a parroquia cun billete de millón enriba da barra da taberna. Xa coñeces o que fixo o alcalde aquel, o que deu permiso para catro alturas no edificio e agora vive no quinto? Eu polo menos fixen ben a tarefa, con disimulo, fun mercando aos pouquiños: agora un piso, logo un terreño, máis tarde outro pisiño; iso si, poñendo as propiedades a nome da familia, non vaia ser o demo. A casa da aldea e mais o piso novo son de mamá; o dúplex e as parcelas a carón do mar, dos meus avós; os titulares dos negocios son os nenos; co meu pai, ese negreiro chuchasangues, non me levo; e a nome da muller, pouca cousa: un piso, o coche vello... e nada máis, que eu recorde, pois ela non é parente de sangue e nunca se sabe, calquera día, cando menos o agarde, déixame por outro ou pide o divorcio e non me queda nin un can.

Aínda así, e despois de todo o que fixen pola vila, que ben se ve o bonita e moderna que está, hai quen se atreveu a me dicir en toda a cara que son un pirata de despacho con traxe e gravata no pescozo na vez de parche no ollo, que penso que



teño patente de corso e que non me chega con vivir a conta dos cartos dos demais, senón que por riba prevarico e meto a man no peto. Vaia baralocas, o que tal hai que oír! O mundo está ben cheo de envexosos e desagradecidos! E para eles mátoime a traballar? Pasa un día pola vila e dime logo se non quedaron ben xeitosos o paseo marítimo, a rúa comercial e mais as edificacións do novo ensanche da Veiga. E se o río desbordou a culpa non é miña, que o tempo non o controlo eu e, se me apuras, será cuestión dos técnicos chafalleiros do departamento de Medio Ambiente que non asesoraron como debían. A culpa é deles, non me cabe dúbida. Haberá que abrílles expediente a todos! Cos ineptos cómpre ter man dura e dar un escarmento, non pode ser doutro xeito. Se cando temos entre mans un proxecto de envergadura, unha... urbanización, poñamos por caso, e o informe que nos chega da oficina técnica é positivo e asinado polo arquitecto ou o aparelador –perdón, arquitecto técnico– que podemos facer nós, o alcalde e mais o seu equipo de goberno? Pois o mesmo: estampar a nosa firma.

## XII - ONDE FALA UNHA ESTRELAMAR DE NOME GRADICELA

Eu andaba por aquí abaixo tan tranquila, como sempre, sen me meter con ninguén. Escenificaba o meu rol de predadora vagando area adiante á caza de bivalvos, pois non coñeces canto me sabe a carne donda das zamburiñas e as vieiras!; aínda que uns mexillóns grandíños para me dar a gran cuchipanda tamén me prestan, ou é que a ti non? E entón vai e, sen agardalo, cáeme enriba aquel monstro que case me manca. Ben sei que teño cinco brazos, como a maioría das especies da miña clase taxonómica, e que se perdo algún deles moi logo volve medrarme outro novo.



Pero coidado, non é tampouco tan doado como asemella, ou pareceríache moi agradábel que che arrincasen as unllas ou o pelo dun tirón, por un dicir, aínda que despois che crecesen de novo? Xa me dirás, xa que logo, se fose un brazo ou unha outra extremidade ou apéndice. Se me chega a fender en dous anacos despois xa non sabería quen son, se o un ou o outro; e mesmo se me podería desenvolver un grave trastorno de personalidade. Teño que dicir ademais sobre o tema, e non falo por non estar calada, que os humanos, de sapiens, nada; sodes uns burros de moito coidado, e ben porcos por certo. Téndesme o fondo ateigado de merda: inzado de latas, rodas, electrodomésticos... que sei eu.

No que se refire a esa morea de ferros, debería ser sincera e engadir que despois non é que me viñese mal precisamente; non podes imaxinar a cantidade de bicherío que veu vivir ao seu carón! E eu tan contenta. Atrás dos uns van os outros, e despois dos outros vou eu. Sempre aparece algo que levar á lanterna de Aristóteles, que xa ves que nome lle foron poñer á miña boca. O problema é que cada día chégame dende a superficie algo novo que non fai senón desorientarme, e así perdo as referencias decontino no meu deambular polo fondo e de cada vez cústame máis traballo atopar as leiras de moluscos. Por se fose pequena a esterqueira, ao desfacérense, os compoñentes químicos de toda esa porcallada métense nos receptores olfactivos e non hai quen cheire nada, e así xa me dirás, a ver quen dá cazado o sustento, que unha non vive do aire. Parte da miña comida,

berberechos e ameixas, morre medio asfixiada, atoadada no lodo. Contan as estrelas máis vellas que elas, nos seus tempos, andaban ás ostras, bivalvo abundante e saboroso; pero sonche bechas moi finas que non resisten a lama e xa hai anos que non queda nin a proba. Deste xeito fanse inútiles os consellos que me daba de cativa miña nai: vai xantar aos lugares onde haxa pastos de plancto de calidade, a mellor comida está alí. No que se refire ás vieiras, tratarei de resumilo en parágrafo curto: uns veñen de noite, cando a borraaxeira é máis mesta. Pasan arriba e abaixo, un lance tras outro. Despois, cando chegan os outros, os que seica teñen licenza, non queda nin unha. Eu son escrupulosa, agardo a que acaden os doce centímetros e respecto as vedas. Demo de furtivos, que o inferno os leve! E aínda din con toda a cara que a culpa é nosa!

## XIII - UN EUCALIPTO PON A S'A VOZ

*Ao que non me petou pór nome. Porque está moi ben o de poñerllo a todo, mais a un eucalipto... Xa sei que lle chamei Arnaldo ao lagarto, Berete ao que pode que sexa un escacho e Gradicela á estrelamar, pero non estou moi convencido de poñerllo ao eucalipto... Desculpa, quizais non teña hoxe o día. Se llo queres poñer ti, adiante, es moi dono, este relato en canto saíu do prelo e caeu nas túas mans, xa é asunto teu.*

A miña familia procede de fóra, non vou negar o evidente, mais non son tampouco un sen papeis calquera deses que chegan por aí abaixo, ou arriba, tanto me ten.



Levamos tanto tempo aquí, dende que o tal frei Rosendo Salvado enviou de Australia as primeiras sementes, seica vai para dous séculos, que eu me sinto da casa. Si, da casa, aínda que nós o das xeadas sigamos sen levalo demasiado ben. Porque, a ver, dime, quen é da casa de certo neste país, que, ao final, como te poñas a indagar no pedigree de cadaquén a verdade agroma, e resulta que todo é de importación; do que menos desconfías resulta que é tan estranxeiro coma min. Nesta terra, por moito que a ti o monte che pareza natural, todo che son leiras. Ou es dos que cren que só se cultivan as patacas e os pementos de Padrón? Poderías parar un pouco e pensalo, a ver o que me dis despois.

As froiteiras e as árbores dos parques proveñen de todos os recunchos do planeta, trouxeron a maioría como adorno ou polos froitos. Das demais, malia que penses que son de aquí de toda a vida, habería moitiño que falar. Podería dicirche, por exemplo, que a meirande parte das especies de piñeiros chegou cos romanos. O que chaman do país non é tal nin por asomo, abunda porque levan douscentos anos con repoboacións pero é, igual que o manso, de orixe mediterránea; ao de repoboación tamén lle chaman de Monterrei, pero non porque sexa da banda de Ourense senón dun algo máis lonxe, de México. Do único galego, o rubio, xa apenas queda ningún, e se sobrevive é froito asemade da repoboación.

Podemos falar tamén dos soutos, por que non? Os castiñeiros

viñeron outra volta cos romanos, aínda que coido que antes algún debía de haber. Espalláronse logo por mor da calidade da súa madeira e polas castañas, pois antes de que o millo e as patacas chegasen das Américas eran parte importante da mantenza da xente, por iso é que había un a carón de cada aldea, ou que pensabas? O do carballo é outro tema, non o vou negar. Están aquí dende hai moito tempo, xa nin se recorda, mais tampouco crerás que se forman carballeiras de xeito espontáneo e natural. Moi boa a súa madeira; a podremia non pode con ela, e seica del se aproveita todo: a casca, as landras e as pólas novas, e tamén as follas para coceduras e meigallos. Moita superstición che houbo sempre! Si, moi útil o carballo, pero non están os tempos nin as economías para agardar que medren; dúas xeracións, se non son tres, para tirarlles rendimento. Onde estea unha plantación de crecemento rápido que saquen do medio o resto! Ao final, que queda?, se até replantan os toxos con sementes traídas de Euskadi. Non te enganes: o certo é que apenas quedan bosques, quitando algún medio anoréxico que anda agochado polas montañas do interior do país, e que, co cambio do clima, aínda haberá que resistir a invasión de hordas de novas especies exóticas.

En canto a min, non hai quen me faga sombra. É moito o que podo dicir no meu favor, que estes son tempos moi competitivos e o que non se espila vai aviado. Coñeces acaso algunha outra especie que xere beneficios máis rápido, que en apenas quince anos estea dando madeira aproveitábel? E



quen dá maior volume e calidade para pasta de papel? Que esoutra ría, a de P, estea como está non é culpa miña, busca noutro sitio o responsábel. Cando colles catarreira ou andas mal do peito, logo si, ben que te acordas; e en canto aos mobles e ás bateas, se acoden a min para facelas ben claro está o porqué. Ademais, eu poño a nota exótica; unha especie australiana neste país tan insulso e aburrido. É a globalización, que xa hai ben tempo que non existen as barreiras; as fronteiras quedaron obsoletas. Mágoa que non se dean os coalas e os canguros para facerme un pouco de compañía.

#### XIV – UN DA CUADRILLA APAGA-LUMES

Non é mal chope este, abofé que non. Hai anos, cando comecei, malamente tiña traballo para tres meses cada temporada; despois, pouco e pouco, foi habendo moi ben de choio e o asunto diversificouse.

A pesar do que asemella dende fóra, non todo é apagar lumes. Primeiro, durante os meses de inverno, cobro por limpar o monte: teño que rozar pistas e devasas e facer queimas controladas. Logo, cando chega o bo tempo, vixío que non prenda lume.



Si, é duro iso de vixiar, non penses, toda a xornada no coche a patrullar de aquí para alá, e o peor é cando me toca nunha caseta; non hai nada máis aburrido, horas e horas detrás duns prismáticos, de día acorado coa calor e á noite... pois como lle cadre, e sen un mal catre onde tirarme un anaco. Despois toca apagar; porque seguro, seguro que o monte arde, tan seguro como que eu son de Cerquides. Faino sempre, todos os anos, todiños. Por último, inverno outra volta, hai que reforestar; como comprenderás aínda quedaba pechar o círculo: sen árbores non hai futuro no negocio.

Non, ningún me ensinou, neste oficio non hai escolas. O que sei aprendino a pé de lume. Convertinme nun profesional de primeira chamuscando as cellas; neste curro non hai outra maneira. Horario, dis? O lume nin leva axenda nin atende horarios. Cando se declara un incendio, as quendas poden ser interminábeis; teño que enfundar o mono e botar man do batelume a calquera hora, día ou noite. Non hai días santos: traballo domingos e festivos, e collo as vacacións cando lle cadra e sempre, sempre chovendo. O soldo é como é; non cobro nin o perigo nin a toxicidade do asunto. Menos mal que sempre consigo que me caia algún extra.

Unha vez que entendiches de que vai a xogada, xa intuirás que se deixa de arder párase a roda e acaba a bicoca. Entón está claro, non si, o que debo facer? Traballar ben é doado. Ás veces tan só teño que tomarlle unhas cuncas en calquera taberna para saber quen anda pelexado co veciño ou non se leva cun

parente. Mal asunto o das partillas. Facer que pareza unha vinganza e que outro leve a culpa é tan fácil como deixar caer entre dous viños a frase axeitada. Habilidades sociais, que lle din; cadaquén vale para o que vale e o traballiño que non falte.

Que prenda é sinxelo: unha voltiña por aí á hora do asexo, fúmase un xaruto e tírase a cabicha, as iscas e os feitos secos ocúpanse de que prenda, xa logo a nortada se encargará de espallalo.

É certo que é un traballo canso, todo o día monte arriba e monte abaixo, e ademais carrexando pesos, que non che é nada bo para o lombo. Rozar os feitos aínda ten un pase, pero o dos toxos e as carqueixas é superior a min, non o aturo, e non é que eu sexa un señorito, que a min o de traballar non me custa, pero o de petar en madeira tan dura, agachar as costas e andar todo o día rabuñado... Non esquezas as espiñas das silveiras e dos toxos. Hai que ter en conta que o verán é a peor época. Temporada alta. Traballo todos os días e non podo ir á praia, nin botar un ollo nin batuxar un pouco na marea, mais iso si, estou moreno todo o ano e aforro unha pasta en ximnasio.

Andar con lume non é un xogo; nin cando o apago nin, se é o caso, cando o poño. O perigo de que me collan non é para tanto: fanme catro preguntas parvas, póñenme unha multa que non podo pagar e, veña, de volta para o monte. A emoción está en manipular a xeito unha alimaria impredecíbel e voraz como o lume sen que me estoure nas mans. Non vou negar tampouco o subidón que me dá, a descarga tan tremenda de adrenalina,

como nun deporte de risco. Nin parapente, nin *puenting*, nin ningunha desas babecadas; proba a apagar un lume, ou a prendelo: de seguro que non o poderías deixar.

Se digo a verdade pásoo ben cos compañeiros. Gústame estar con eles, compartir o choio e mais as conversas. A pesar de que eles traballen por principios, vexan o asunto dun xeito distinto e nada saiban dalgunha das miñas actividades. Tamén están os silencios. É estraño pero si, gozo con eles do silencio. Cando estamos calados, esgotados despois do esforzo, tirados no chan, apoiados no todoterreo e comendo calquera porcallada. Outras veces calamos porque si, porque non temos nada que dicir ou porque hai algo no ambiente que nos impulsa a permanecer coa boca pechada. Alí estamos, sen dicir nada, indiferentes ao mundo, coa mirada perdida; pero sentíndonos ao lado, moi cerca. Non é necesario que digamos nada; entendémonos sen palabras. Sei que estamos a pensar o mesmo e que eles, coma min, están a gozar deses intres de compañeirismo, de amizade muda, e que é algo de moito valor nas nosas vidas.

Que máis ten cantos lumes prenderan ou cantos ferrados arderan. Leva a conta, en hectáreas, en cuncas ou no que ti queiras, a min tanto me ten. O do lume volveuse un negocio, unha industria coma outra calquera. Calquera non, que esta move moitos cartos, moitiños do noso señor, e hai ben de xente e de intereses implicados, de aquí e doutros lados. Eu sei o que digo e, malia ser a última mona do conto, non hei



quedar sen a miña parte. Non, ho! Iso si que non. Hei levar o meu cacho da tallada como me chamo Moncho Lapas.

## XV - UNHA LAPA (DE LUME), EN REPRESENTACIÛN DO INCENDIO TODO

Eu son natural, como a chuvia e o vento, como os temporais ou os animalíños todos da terra e do mar. Acontezo cando as condicións para que me desenvolva son as axeitadas, aínda que iso tampouco suceda tan a miúdo. Podo prender por mor dun lóstrego dunha tormenta de verán, dun anaco de vidro deitado na terra de forma adecuada ou por unha cabicha sen apagar tirada por descoido; desas formas e tamén dalgunha máis.



Tampouco vou dicir que mesmo non reciba axuda con frecuencia, pois o certo é que xa mo poñían ben fácil dende que inzaron os montes de piñeiros e eucaliptos e deixaron que o mato medrase a eito. Mais como asemella que iso non era suficiente, aínda permiten que ande ceiba toda esa manda de tarados. Malia todo, non penses que me estou a queixar; sei ser agradecida, aínda que pronto non me quede moito por queimar: moitas grazas. Cadaquén terá o seu motivo, non digo que non, que che hai de todo nesta terra: gandeiros, madeiros, políticos co desexo de apuntar tantos e desacreditar os rivais, empresarios, especuladores inmobiliarios, veciños envexosos ou con ganas de vinganza e que sei eu cantas tipoloxías máis. Eu niso nin entro nin saio. Pero por riba de todo o que che hai é moito tolo; ou moito

artista, que ás veces dubido e xa non sei nin que pensar. Xentiña que goza mirando para min, vendo como prendo e como medro, como engulo con devezos canto atopo.

Contemplan o lume ten a súa maxia, non mo negarás; un aquel que engaiola e apampa o máis frío. Pero unha cousa é pasmar ollando para a cacharela de San Xoán e outra ben distinta é darlle sobrete a un cento de hectáreas. Ben me entendes. Que che vou dicir, que seguro que estás aborrecido de verme actuar en directo. Non precisas dos telexornais nin dos documentais que botan na canle temática para que saibas de que estou a falar; parece que dun tempo a esta parte, e en canto chega a calor, mires cara a onde mires, non se vexa outra cousa.

Ás veces espállome devagar, a rentes do chan, trabando, amais de na herba e o mato, nas iscas dos piñeiros; outras viaxo máis rápido: vou polas copas das árbores deixándome levar polo vento; outras aínda, cando teño o día bravo, fago ambas as dúas ao tempo. Moito me gusta zarrapicar faíscas e facer remuíños de lume, non vexas como tolean os das cuadrillas, vaia xogo divertido! Todo depende de como veña o día, da pendente do terreo e da humidade do aire e mais das follas; e do vento, sobre todo do vento. Gozo coa airexa e mais co vento forte, mellor con vendaval. Se sopra do sur avanzo en empopada, podo chegar ao éxtase. Non hai como un chan seco e vento do sur. Ai, o vento amigo, que sería eu sen el!

Non teño sentimentos nin, por suposto, remorsos. Fago oídos xordos ás bestas aterradas, devasto e calcino, alimento o



espanto. Chamusco canto atopo sen pensalo en demasía. Todo moi natural, como che dicía ao primeiro. Cando me dan pé, eu fago o que é consubstancial en min. Se me acenden, pásame o que a ti: dou en arder.

## XVI - XOCAS, XERENTE DO CO.MA.

Non sei cal foi a faísca que prendeu a primeira chama. Non o sei. O que si sei é que nalgún momento o noso mundo, o que herdamos dos vellos, deixou de ser o que sempre fora. Cambiou e estragouse todo sen remedio.

A miña historia non é distinta á dos demais. Unha de tantas.



Fun bo rapaz dende pequeno, traballador e estudoso. Algo innato. Os meus pais non necesitaban tirarme das orellas para que me aplicase nos libros. Sendo sincero, non precisaban nin de dicirme, xa eu andaba a facer os deberes antes de que eles tivesen tempo de pensalo tan sequera. Era bo alumno, non cabía dúbida, e os meus sacrificáronse para que tivese carreira: enxeñaría forestal, primeiro da miña promoción, sempre as mellores notas. Estudei por vocación. O meu devezos pola natureza é conxénito; recordo aínda con emoción os paseos con meu avó sendo apenas unha criatura, cando me ensinou os nomes das árbores todas. Nunca deixaron de ser o meu interese, a miña paixón.

Os compañeiros da escola seguiron cada un co seu vieiro: o Tono, Toñito de Andrucho, era un lapaxardas que viña á clase cheirando a bubela; fartouse de poñer tintos e tapas de luras na taberna dos pais, meteuse en política e agora afoga no dólar. A Mendiño tampouco lle vai mal, herdou a construtora familiar, fixo negocios con Toño e xa urbanizaron media beiramar da Fisterra. Pepe segue como aos doce anos, nas verzas, pasa o día a carranchapernas da bicicleta e cando baixa e abre a boca é para botar pestes para fóra contra todo: próelle o mundo enteiro; quizais o mellor sería que calase e lles seguise dando aos pedais. O Moncho foi de sempre un buscavidas sen principios, xa daquela xuntaba catro cadelas para cromos facéndolles os recados aos mestres; agora anda coas cuadrillas no monte, un negocio perfecto para as súas habilidades, próspero e con posibilidades de futuro; el e a

Mucha casaron e seica teñen unha tenda de galdrumadas na rúa do Centro. Ramoncho, o fillo do señor Manolo da Curva, foi ao mar cando deixou os estudos, como xa fixeran o pai e mais os avós; embarcou mentres houbo peixes e caladoiros onde pescalos, despois zafou como puido: marchou para Canarias á construción. Calquera día cansa e vén de volta; acabará como toda a tropa de mareantes retirados: de faladoiro nun banco do paseo e a botar partidas de chave na do Andrucho. Moncha, a muller, andou, como a súa cuñada Mucha, coa carretilla a vender peixe polas portas. Cantas mañás de estudo non me interromperían anunciando sollas e xurelos cos seus chíos de gaivota? Logo lles chegou a modernidade; deixárono e, cos aforros, puxeron comercio.

Podería falar de moitos outros. O que acontece na Vila non é diferente ao que pasa noutros lugares, un busca o seu sitio no mundo por puro instinto de supervivencia. Eu puiden acabar de director xeral ou de conselleiro. Puiden. Coa miña formación, o meu carisma e os innatos dotes de líder, habería de ser un camiño sinxelo. A mor das veces o traballo non se escolle, chégase a el por casualidade. Puro azar. Pero despois, unha vez na allada, hai que levalo adiante. Tes que facer o que estea na túa man por defendelo. Todo canto sexa preciso. Todo.

O CO.MA., Consorcio Madeireiro, non é unha firma calquera. Non hai ningunha no sector que lle faga sombra en volume de negocio en milleiros de quilómetros á redonda. Poucas coma

ela hai no mundo. Porque isto, o da madeira, é unha industria a fin de contas; ou que pensabas? Os principios polos que se rexe unha empresa para ser rendíbel non teñen misterio ningún, son ben doados de entender:

1. Para sacar un produto precísase, amais de man de obra barata, de materia prima.
2. Canto máis se venda máis beneficios se sacan.
3. Canto máis barata se consiga a materia prima máis diferenza habrá co prezo de venda e, outra volta, máis cartos se gañan.
4. Se non hai madeira non hai produto, e polo tanto non hai negocio.

Non hai trampas no que digo, pura lóxica. As regras do xogo, mal que me pese, son deste xeito. Son así, e un ten que vivir; ou valas cambiar tí? Comprenderás entón que deba facer o preciso por conseguir a madeira. Moita e barata, e canta máis mellor. Ben sei que a imaxe que dou con isto que che estou a dicir é, sendo magnánimo, o dunha samesuga; pero o caldo, por moito que haxa para repartir, non dá para todos. Cadaquén mira para si e procura facer cartos como pode, metendo a man no pote ou chuchando o sangue do veciño se é preciso.

Para levar este negocio non vale calquera baldreu. Hai asuntos que non admiten escrúpulos e son imposíbeis de adiar. A realidade non é literatura. Vivo esmagado polas preocupacións, atento

decontino ao negocio, sen tempo para nada: malamente vexo a familia; paso o día pendente da produción, das entradas e saídas dos camións, das cadeas de montaxe... e dun milleiro de cousas máis; cando non ando enleado en asuntos da fábrica é en xuntanzas do consello de administración.

O monte. Eu xa non sei que é o monte. O choio reviroume a ollada, cando miro para el xa nin árbores vexo. Tanto me ten o destino da madeira, éme igual que vaia para táboas, serraduras ou pasta de papel: os meus ollos só calculan metros cúbicos. Tampouco sei se iso importa. Xa dixen que non sei cal foi a faísca que prendeu a primeira chama, pero sinto como se tivese lume por dentro; non podo parar de arder.

## XVII - PEPE TOXO, O CICLISTA

O meu é erguerme cedo á mañá e, nada máis saír da cama, mirar a predición meteorolóxica. Atendo, ademais de ao vento, para saber que día me agarda, á temperatura, para decidir que camisola poñer; e á humidade, para calcular as posibilidades de mollarse e vestir o chubasqueiro. O meu, repítoche, son as batallas incruentas, loitar contra o aire, resistir o frío e a chuvia, as inclemencias todas do tempo.



A miña paixón, como se non existise máis nada no mundo, é enfrontarme aos portos máis longos e ás ramplas coas porcentaxes máis duras ante a mirada indolente dos arnais e as lagartas que me observan asolladas dende as pedras; saír a esfolar o corpo e volver coas pernas doentes e o ánimo domado. Mellor non preguntes, non podería dicirche por que o fago. Non sei se estou posuído dende neno por algún demanchiño, poida que fose o caxancrán, que entrou en min durante un soño e agora non me deixa acougar. Coido que debe ser el o culpábel, o responsábel de que ande todo o día a

dar pedais e a me facer preguntas.

Paso a vida de aquí para alá dacabalo da bicicleta e coñezo até a última estrada e o máis recóndito recuncho en moitos quilómetros á redonda. Direiche o que vexo dende a miña montura, direicho, aínda que ti xa o saibas: piñeiros e eucaliptos, plantacións e plantacións de eucaliptos enchendo os montes que aínda non arderon, fendidas nos máis dos sitios por devasas contra o lume; pistas forestais por todas partes malia non saberse cara a onde levan; canteiras crebando a terra; tendido eléctrico a esgalla; os fumes das térmicas, que se ven dende o alto dos montes e mesmo de moitos lugares da costa; e agora, por se fose pouco, ducias, centos de muíños de vento espallados polos cumios, a febre esta dos eólicos, que os temos até na cunca do caldo, en lugares onde xa antes chegaran as antenas e os repetidores da televisión; e tamén moreas de cinza e troncos abrasados amolando a paisaxe e a mirada. Non consigo sosegar o desacougo nin ao volver á casa, cando regreso pola estrada da costa e me reciben, dende moitos quilómetros antes de chegar, as ducias de guindastres que dominan a liña do ceo da vila.

Animismo. A min, se digo a verdade, o animismo, a crenza de que os obxectos da natureza puidesen posuír algún xeito de espírito, sempre me pareceu unha solemne parvada. Son incrédulo por natureza. Crer non creo, como coas meigas, pero o certo é que ás veces, cando chego até estes lugares, sinto unha dor nos adentros, como se os esqueletos calcinados das



árbores se comunicasen comigo dalgún xeito e me infundisen este estado de ánimo apático, esta canseira que levo logo de volta ás costas e fai que cada pedalada me custe tal esforzo que o camiño á casa, aínda sendo chairo e a mor das veces impulsado polo vento do nordés, me pareza un auténtico porto de primeira categoría.

Non sei de que me vale ser consciente de tantas cousas. Cantas veces creo que me fago máis preguntas das necesarias. Cómo evitar o pensamento, cando os quilómetros e o cansazo se instalan no corpo, de que o mundo é unha selva ateigada de alimañas, cos raposos pendentes das súas comenencias e os lobicáns á espreita de saciarse de carne. Pensar faime sentir vello e inútil. Que podería facer eu, pregúntome, sen poder evitalo. Contra que combater e contra que facelo primeiro? Son de natural pacífico. Xamais diría que hai que afiar os fouciños e comezar a rabenar pescozos; o tempo das revolucións quedou atrás. Síntome cómplice por non comprometerme, refuxiado nesta falsa inocencia. Sinto que xa nin sequera son capaz de indignarme; coa capacidade de sentir noxo adormecida. Onde quedaron os soños? Esmoreceron nalgues sen que chegara a decatarme; cando o fixen, cando recordei que algún día os tivera... morreran. O que acontece é que no fondo son un covarde. Gasto as forzas en subir e baixar portos, en procurar ir máis rápido e en chegar máis lonxe. Moi épico o asunto! Quizais o máis fácil sexa precisamente o que fago: crer que a miña actitude é a correcta pero, na realidade, abaixar a cabeza cara ao guiador e darlles


aos pedais. Mellor pecho a boca...

... Calo. Tan só calo e miro para abaixo, cara ás rodas e o asfalto. Si, mellor calo e doulles aos pedais; vaise facer noite no camiño e non vou dar chegado nin para a cea.

## XVIII - OS DA BANDA DE MARIÕEIROS XUBILADOS DE C

*A que xoga acotío a partida de subhastado na Taberna do Andrucho e senta a parolar nos bancos do paseo á sombra dun tamarindo cando non chove, cousa que seguen a facer agora, parolar, co seu vocabulario cheo de eses sibilantes.*

**Manel:** A culpa de todos estes lumes é de Paco; del e da súa política forestal.



**Manolo:** É ben certo. O cerebro que a deseñou foi un listo, todo un xenio. Debeu pensar que o bosque era máis bonito e que a paisaxe quedaba máis europea.

**Manel:** E non se lle ocorreu cousa mellor que enchernos o país de eucaliptos e de piñeiros.

**Lelucho:** Do que non vos acordades, ou non queredes recordar, é de que antes o monte sempre estaba limpo. Íase ao estrume para estrar as cortes e facerlles a cama aos animais; despois o esterco ía para as leiras...

**Manel:** Arre demo! Mira con que historias vés ti agora.

**Lelucho:** ... E pastoreábanse as ovellas e mais as cabuxas. Prendíase lume ao mato para que logo medrase a herba e os bichos tivesen que comer.

**Manolo:** Home, Manel, aí o Lelo leva razón. Ao monte sempre se lle pegou lume, sempre. Unhas veces para limpar os agros e outras os camiños; e tamén para que logo medrase o pasto, como di Lelucho.

**Lelucho:** Meu avó facíao polo verán, e logo ben recordo a miña avoa marchar para o monte coas churriñas.

**Manel:** Si, pero cambiaron os pastos con ovellas e cabuxas por piñeiros, milleiros e milleiros de piñeiros, e as coitadas das churras non podían achegarse a unha árbore; a multa que lle poñían ao paisano valía ben máis que a ovella. Os incendios,

será casualidade?, comezaron daquela.

**Lelucho:** A ti o que che pasa é que es un roxo deslinguado e tes que botarlle a culpa de canto se che ocorre ao Caudillo.

**Manel:** Contaba o meu pai que cando prendía lume acudían todos a apagalo. Repenicaban as campás e mobilizábase até o máis cativo, ía a aldea enteira. Pero despois chegou o ditador e o monte pasou a man común e xa non era dos veciños. Entón era a Garda Civil quen tiña que obrígalos para que acudiran cando ardía.

**Lelucho:** E agora que? Xa non está o tirano, como lle dis ti, para botarlle a culpa.

**Manel:** Morto o can...

**Manolo:** ... acabouse a rabia.

**Lelucho:** Moito conto, pero non hai tampouco quen apague os lumes.

**Manel:** Pois iso, o que che estou a dicir. Se o monte xa non é noso e non nos obriga ninguén... quen vai arriscar o peleso en apagar o que non é seu? Xa irán os voluntarios, como cando foi o do barco.

**Manolo:** A realidade é que as leiras están en campo, o mato parece a selva da Chita e polo monte non mira ninguén. Ninguén.

**Manel:** Leiras de trigo e de centeo ben que había, pero logo

chegaron as celulosas e canda elas os eucaliptos a mancheas.

**Manolo:** E as terras dos fondos dos vales estiveron a salvo mentres houbo vaquiñas; viñeron coa leria das cotas lácteas e acabouse co leite.

**Manel:** Dese xeito, como comprenderás, non se podía vivir. Só lles quedaba coller as maletas. Así marcharon a moreas.

**Lelucho:** Agora hai novos plans forestais.

**Manel:** Hai, si, todo un enredo para cobrar as subvencións.

**Lelucho:** Un roxo, iso é o que ti es, sempre a botarlle a culpa á autoridade, só che falta meterte cos curas desta volta.

**Manel:** Pois non, desta vez non. Pero xa veremos canto tardan en saír en procesión para pedirlle a santa Bárbara e aos santos todos para que intercedan e non volva caer outra semellante.

**Manolo:** Deixádeo xa. Cantas veces sodes capaces de pelexaros nunha mañá? Vivides no pasado, e non o tomedes a mal. O monte agora é outra cousa.

**Manel:** Non, xa! Non hai máis que mirar para el, todo cheo de muíños. Que máis ves agora?

**Lelucho:** Vouche dar a razón por unha vez, Manel. Enchérono de eólicos, mais non por iso baixou a factura da luz, ao contrario. E mentres, as pensións, xa sabedes... Mala chispa os leve!

**Manel:** E ben que nos chuchan o sangue os das eléctricas, como se o vento ou a auga dos ríos fose unha propiedade deles.

**Lelucho:** Son uns ladróns, viven do alleo, e ben que o saben.

**Manel:** Ademais, putéannos a mantenta, que lin nun libro as trampas todas que fan...

**Lelucho:** E dende cando les libros ti, que non o facías nin no barco en tres meses de marea sen outra cousa que facer. Como moito enredabas un pouco coas revistas, ti xa me entendes.

**Manel:** Home, o libro todo non o lin, só un anaco que me amosou meu fillo. Decía moitas cousas das que fan, que andan todos, todíños, enleados até as orellas. Sonche petoutos que non se descubren porque hai xente moi importante detrás, de moito poder e de moitos cartos.

**Manolo:** Ándache boa a navalla! Teu fillo? E logo... en que che anda metido desta volta ese vago?

**Manel:** Coidadiño! De vago nada, que vai para artista. Ándache por Santiago facendo teatro.

**Lelucho:** Vaites, teatro! Mellor cala, non me sigas por aí... E que libro era ese, ho?

**Manel:** Pois agora non che me acordo moi ben do título, sei que levaba a palabra sangue, máis nada. Tampouco de quen o

escribiu, aínda que era algo así como... Rubial ou Rubián.

**Lelucho:** A ti o que che pasa é que es un afeccionado ás telenovelas, todo o día a artellar conspiracións. Ben se ve que agora tes todo o tempo do mundo, non fas máis que cismar e sacar tolerías desa cabeciña.

**Manel:** Outra vez! Tolo serás ti, morea de esterco! Xa che avisei ben avisado. Non me quentes... !

**Manolo:** Manel! Acouga, home. Tampouco fai falta insultar, que Lelo tampouco che faltou a ti...

**Manel:** Como que non?

**Lelucho:** Non. Eu só dixen que...

**Manel:** Faltáchesme tal.

**Lelucho:** Non tal.

**Manel:** Si tal.

**Manolo:** Sempre estades co mesmo. Aburrides as pedras coas vosas historias. É hora de arriar chicote. Marcho, se non vou quedar sen as receitas.

**Lelucho:** Vaite, si. A ver se é desta volta, vai pechar a Casa do Mar e a ver logo sen a pílula como dormes.

**Manel:** Aburiño, meu rei. Vai pola sombra.





## XIX - CARTA DO RAMONCHO • S'A YÈSSICA

Miña querida filla:

Que felicidade máis grande recibir a túa carta! Mesmo non puiden evitar emocionarme un pouco, e que orgullo comprobar o ben que escribe a miña pequena. Alégrome moito de que esteades ben, tanto ti como a mamá e os avós, e que ademais te andes a portar tan ben como me contas, estudando moito e axudando e coidando da túa nai.



Pouco sabiamos por aquí das novas que me contas, que con tanto traballo como temos non nos quedan nin tempo nin ganas de prender a tele nin de mirar os xornais. Pasamos o día na obra e ás veces até temos que comer na estada. Á noite chegamos esfolados á pensión, ceamos e dereitiños para a cama, que ás seis hai que estar a pé. Xa ves que vida levamos por aquí. Pero non teñas mágoa; eu fágoo con gusto, miña princesa, non deixo de traballar arreo para que non vos falte de nada e teñades de todo. Xa verás ti que logo dou xuntado unha boa morea de cartos e estou de volta na casa.

Dos lumes e da vaga de calor si que soubemos, que o fomos seguindo nos partes da radio nos poucos ratos que tiñamos libres; pero da treboada é a primeira noticia que teño. A verdade é que tampouco estou tan sorprendido. Tal e como estiveron a construír enriba do río e como lle achicaron a canle, nada me estraña. Os incendios do verán acabaron de amolar o asunto, pois a terra sen unhas raíces que a suxeiten... Tiveron moita présa en facer as cousas, e así xa se sabe. Aínda que supoño que alguén ha de estar a mirar polo tema, déixasme un pouco preocupado por vós; os que toman as decisións compórtanse ás veces como unha auténtica manda de mangantes e podería volver a pasar outra semellante en calquera momento. Pero ti tranquila, que mamá está ao coidado e seguro que ao teu cuarto non ha de chegar a auga.

Dende logo, o que non tes que crer é que o teu pai ande a facer algo que non deba. Moi polo contrario. As casas que

facemos aquí son bonitas e boas, de moita calidade, e tamén moi necesarias para que a xente viva, que xa ti recordas como era a casa vella que os avós tiñan na aldea, onde se criou túa nai antes de ir para o piso da Vila. Nin electricidade había, a auga sacábana do pozo e para as necesidades tiñan que ir á horta ou ao retrete de enriba do cortello dos porcos. Ti non quererás que a xente siga a vivir nesas condicións, e non, miña rula? Pois logo non te preocupes, segue a estudar como até agora e failles moito caso aos teus profesores, a todos eles, eh!; xa falarei eu por teléfono con mamá do tema para que vaia visitar esa señorita P., se é que túa nai pensa que é necesario falar con ela.

Despídome de ti, miña pequena bichoca, até que nos vexamos, o que agardo ha de ser moi pronto. Recibe unha aperta enorme e bicos e alumiños a montes e moreas de:

Teu pai que te quere  
Ramoncho da Curva


Posdata: Como supoño que seguirás a portarte tan ben como até agora... descoida, non hei esquecer o agasallo ese que che prometín.



## XX – GAVELA DE MARIÕEIROX XUBILADOS DE C

*A mesma de antes, a que xoga a partida de subhastado na Taberna do Andrucho e senta de faladoiro nos bancos do paseo á sombra dun tamarindo cando non chove, cousa que seguen a facer agora, parolar coas súas voces infestadas de seseo, que o día é moi longo para os xubilados; aínda que o tema mudou e xa andan ás voltas co cambio climático.*

**Manel:** O que lle ocorre á xente nova é que mesturan allos con bugallos. De cada vez que chove forte, vén unha vaga de calor ou vai un cambio de tempo pronto din: “Ben se ve que cambiou o clima”.



**Lelucho:** Home, aí falaches. Volvéronse todos uns alarmistas. Azoutan catro refoladas de vento e mandan amarrar a frota. Na nosa época saíase con temporal e colliamos rumbo norte con galerna se facía falta. O que pasa é que xa non queda xente como a de antes.

**Manolo:** Coidado, machote! Non me sexas tan esaxerado ti tampouco. Como che escoiten fannos unha serie na Galega. Vannos chamar “Os Superheroes do Paseo Marítimo”.

**Manel:** O que quero ver eu é como imos facer para parar o do cambio climático, porque o que si é verdade é que non facemos máis que gasto. Fabricamos trapalladas a oito e logo desbotamos para o mar toneladas de lixo. Veña, para o pañol grande, que o engole todo e non se enche!

**Lelucho:** Si, pero iso fíxose toda a vida. O que tiña cartos

gastábaos e o que non...

**Manel:** Pois iso mesmo, toda a vida, pero agora máis, até que a auga rebordou o vaso...

**Manolo:** Que querían? As casas aumentan sen xeito con tanta recualificación de terreos e tanta urbanización, pero onde non invisten un can é nos sumidoiros. Non os fan a xeito porque seica non se ven e non dan votos. E claro, como non ían rebentar as canalizacións? Vos vistes na rúa do Centro como eran de estreitos os canos?

**Manel:** Non, home, desta volta non falaba da vila nin da treboada. Morreu o conto. Referíame ao planeta, que xa non atura máis.

**Lelucho:** E logo vós non vos dades de conta do arroutado que anda? Cada ano chove menos, ou cando menos faino cando quere e ás tolas, adianta máis a primavera e atrasa máis o inverno. Os novos non teñen anos dabondo para decatárense dos cambios, pero nós...

**Manolo:** Home, pois está claro, ou non? Nós, por exemplo: as catro verduras que botamos na horta dan flor de cada vez un pouco antes, e despois vén a xeadada e estraga todo.

**Manel:** Si, e tamén che andan raros os bichos. Aí tendes as gaiotas, que xa non van ao peixe. Agora dedícanse ao lixo, todo o día metidas nos contedores. Convertéronse en ratas con ás. Un noxo.

**Manolo:** E as andoriñas que? Chegan a destempo e marchan cando lles cadra.

**Lelucho:** E non recordades logo a noticia esa do xornal que comentamos hai pouco, a que dicía que en Ourense tiveron que atrasar a matanza do porco até decembro por culpa da calor?

**Manel:** Ai, si?

**Lelucho:** Si.

...

**Manolo:** E as árbores abrollan e dan froito cando lles peta.

**Lelucho:** Si, e vense eirugas e mesmo bolboretas no medio do inverno.

**Manel:** E o pan xa non sabe como antes.

**Manolo:** Nin os ovos nin o polo, a non ser o da casa.

**Manel:** Tampouco as patacas.

**Lelucho:** Serán malas as colleitas.

**Manel:** Serán.

...

**Lelucho:** Dinse tamén moitos disparates. Mesmo lin este día no diario que o vento xa non peta tan forte como hai trinta anos. Ben se ve que non é o xornalista o que vai ao mar, do contrario non diría esas



parvadas.

**Manel:** Se o escribiu foi porque o investigou algún científico, que o andaría a medir cos seus trebellos.

**Lelucho:** A eses o único que lles interesa é chupar os cartos das subvencións. Do mar non saben nada, non viron unha nasa diante na vida. Uns teóricos. Xa viches que listos eran os biólogos que levabamos no barco...

**Manolo:** Para o carro, Manel, non sexas cabuxa!

**Lelucho:** Os peixes e o marisco no prato. Como moito, mira se algún deles colleu un cangrexo na praia cando neno coa axuda dun truel. Publican calquera babecada sen saber nin o que din.

**Manel:** Saben tal, que para iso fixeron estudos.

**Lelucho:** Non saben tal.

**Manel:** Si tal.

**Lelucho:** O que ti queiras.

**Manel:** Non, o que queiras ti.

**Lelucho:** Que tes ti, Arroás?

**Manel:** Pois Arroás non che é mal nome. Pero se a ti te alcuman Faneca Podre por algo será.

**Lelucho:** Non me digas!

**Manolo:** Tranquilos! Acougade, que aínda vos vai dar algo.

**Lelucho:** Acouga ti, a min déixame discutir o que me dea a gana.

**Manel:** O mesmo che digo eu. Discutimos cando nos peta, ou vásnolo prohibir ti? Xa nos quitaron o tabaco, o sal e non sei cantas cousas máis. É que xa non imos poder nin falar?

**Manolo:** Sodes un par de túzaros! Cando vos poñedes así dades máis noxo que baba de lesma. Moi ben, acabouse o carbón! Non sei porque me deixo enlear por vós. O médico a estas horas xa acabou de despachar, pero eu marchó.

**Manel:** Vaite, si. Vai pola sombría. Abur, vémonos mañá na do Andrucho.

**Lelucho:** Adeus, rapaz. Veña, unha sopiña e para a cama, que xa son horas.

**Manel:** Eu marchó tamén, é hora da parva. Estas leas danme unha fame... Voulle meter un cacho de pan centeo con touciño e unha cunca de tinto, a ver se consigo que me suba a tensión.

## XXI – PATIO DE LUCES

*Espazo, amais de útil, democrático e comunal, onde asoma os fociños e mete baza quen lle peta.*


**Moncha:** Ai, Mucha! Estas aí?

**Mucha:** Estou, si.

**Moncha:** E que, xa estades a tipo?

**Mucha:** Que dis, muller?

**Moncha:** Pregunto se xa fostes ao ximnasio?



**Mucha:** Fomos, si. Pero non aguantamos moito; estabamos aborrecidas con tanto marulo levantando pesas.

**Moncha:** E o biscoito, xa o fixeches?

**Mucha:** Claro que fixen! Como non o ía facer? Non llo prometín á túa filla para a merenda? Súbollo despois e xa de paso recollo a empanadeira.

**Menchu:** Mira que berrades! Falade baixo, ho! Aínda van dicir de nós que somos unhas pescas.

**Mucha:** E logo non o somos? Cantos anos botamos a vender peixe?

**Moncha:** Ai, Mucha! Eses foron tempos. Canto hai que non vas polas portas coa carretilla?

**Mucha:** Eu xa case nin me acordo. Tería que botar contas.

**Menchu:** Non te acordas!? E moi fina te volviches!

**Moncha:** Pois eu dende antes de nacer a Yéssica; pouco despois de que o teu irmán me deixara preñe pola festa do Carme. Van alá doce anos.

**Mucha:** Mira ti como pasa o tempo!

**Moncha:** Tiven que deixalo porque no meu estado non debía carrexar pesos. Despois o Moncho deixou o mar e marchou para Canarias e eu xa non tiña peixe que vender. Menos mal que puxen a tenda, que se non...

**Menchu:** Entón a pesca son eu por ter aínda a peixaría? Pois logo mellor péchoa. Total para o que dá!

**Moncha:** Como non vai dar?, se o peixe anda polas nubes!

**Menchu:** Caro estará, pero a nós non nos deixa nada. Vaise todo en impostos, no gasóleo, en pagarlle á xente e mais en manter o barco. Paco xa anda a falar de vendelo e coller a

xubilación anticipada, que para iso leva cotizando tantos anos.

**Mucha:** E despois que? Que iades facer?

**Menchu:** E que imos facer? Para que pensas que estou a preparar a tenda nova na rúa do Centro.

**Mucha:** Como os empresarios de verdade. Investindo as ganancias e diversificando o negocio.

**Moncha:** E Paco?

**Menchu:** Pois nada. El co sogro e mais con teu pai, a botar a partida na do Andrucho e despois a parolar no paseo, que é o que a el lle gusta.

**Moncha:** Xa sei, non me contes. A xogar á chave ou ao dominó petando na mesa, segundo como teñan as témporas ou lles pete o vento.

**Mucha:** Si, e a resolver o mundo. A esbardallar de política e mais de fútbol cos Manueles.

**Menchu:** A contar as súas batallas, o que mellor saben facer.

**Mucha:** E non cambiarán nunca, logo?

**Menchu:** Aos seus anos? E que lles vas pedir agora, Mucha, non ves que xa andan rillados pola couza?

**Moncha:** A fin de contas nós algo de culpa tamén teremos. Quen os ten na casa e os educa dende pequenos? Algo

poderemos facer, ou non?

**Mucha:** Muller, como poder... pero iso será asunto da escola, ou que?

**Moncha:** Non me fales da escola, que alí os nenos só lles enchen os miolos de paxaros!

**Mucha:** Dilo polo da mestra esa, a que lle quentou a cabeza á nena?

**Moncha:** Digo, si, a señorita P. Mira ti que irlles dicir aos cativos que os que andan ao mar son uns piratas que levan toda a vida a arramplar ás bravas con canto atopan! En que cabeciña colle?

**Menchu:** E que quería, que deixásemos o peixe no mar e que as familias morresen coa fame? A culpa será dos compradores, digo eu, pois se o piden e non collemos outro, por moi pequeno que sexa, non se vai tirar pola borda!

**Moncha:** Pois os que o mercan sonche tamén ben hipócritas. Moi logo che din: que se lle vai facer, agora xa está morto, se non o pescaran tan cativo eu non o levaba para a casa.

**Menchu:** Xa é boa mágoa cando non o pagan na lonxa. E aínda é sorte se vale para facer fariña para pensos, como pasa coa sardiña, e se non outra volta para o mar, caixas e caixas envorcadas na marea.

**Mucha:** Esa si que é boa desgraza!

**Menchu:** E logo... quen vén sendo a señorita esa da que falades?

**Moncha:** Pois unha lercha que chegou por aí abaixo e seica lles dá clase de naturais.

**Mucha:** E mira ti!, na vez de explicarlles o que é o cambio climático e as cousas esas, fixo que a rapaza pensase que o seu pai andaba a facer algo malo.

**Moncha:** A Yéssica até lle escribiu contándolle a leria, e o coitado do Ramoncho chamou por teléfono todo preocupado para que fose falar con ela.

**Menchu:** Non me digas! E logo vas ir?

**Moncha:** E como non vou ir? Vanme escoitar. Van, ho! Ela e mais a directora. A escola está para que aprendan, non para dicirlles que os seus pais andan a facer mal.

**Mucha:** Así mesmo é!

**Moncha:** Pois iso, vailles acordar a allada!

Aquí abaixo vaiche decotío moita humidade, demasiada, circunstancia que en nada beneficia as miñas partes metálicas; tampouco o salitre contribúe a mellorar o tema, e eu, por moito que o intente e poña toda a vontade, non consigo afacerme á situación. Por outro lado, a verdade é que tampouco non che me gusta moito que de cada vez que chove logo me ande a caer por riba toda a terra e a cochada esa de cinza dos incendios.



Empórcame a min e converte o fondo nun lameiro noxento. Xa ves, supoño que tamén eu son un dano colateral, unha vítima do cambio climático.

Ouvearía se puidese, pero sei que é inútil. Nada podo facer para zafar deste húmido destino. Non vou dicir tampouco que teña esperanza ningunha de que me saquen de aquí. Ben sei



que iso non vai acontecer e xa me afixen á idea de que vou quedar até que non sexa máis que unha morea de óxido no fondo do mar. Éche un final como outro calquera e non está tan mal, máis deprimente sería ir dar co chasis a un cemiterio de coches. Até podería dicir que é unha especie de retiro dourado. Vivo nun auténtico sebal onde a vida alenta con forza. Está todo tan cheo de verdello e bicharía que case parece que ande metido no medio dun documental de natureza. Calquera día aparecen uns mergulladores coas cámaras e saio na tele; mágoa non ser quen de falar para poder facerme unha entrevista, contaríalles polo miúdo as peripecias da miña vida e mais un bo feixe de anécdotas con todo o que acontece por aquí abaixo.

É todo un espectáculo ver as estrelas atrás dos ourizos e as fanecas que chegan en pequenos grupos á busca, cos seus ollos grandes, de vermes e cangrexos. Agardo pola anoitecida con fruición, esperando os xogos dos arroaces a chapuzar na tona da auga. Ás noites tamén adoitan aparecer de visita os linguados arrastrándose pola area. Non son os únicos, os meus favoritos son as potas e as luras; os seus movementos imposíbeis tentando fuxir dos seus predadores non deixan de me alucinar. Teño a carrozaría inzada de cintas, correas, carrameiros e todo tipo de follas de mar. Non faltan os arneiróns e as lapas, algún feixe de mexillóns e, aínda que non o creas, mesmo me criou enriba unha pina de percebes. Como se decate o Currás ou algún outro da súa ralea non han tardar en vir buscalos botando man da rasqueta. Os peixes entran e

saen, perseguíndose uns a outros. Esquívanse e devóranse. Todo moi divertido. Un congro instalouse entre os asentos. É pequeno. Xa medrará, que o sustento non lle falta. De que me vou queixar?, entretemento continuo por aquí abaixo non falta; se acaso boto de menos as viaxes e a compañía que me facía a radio. Este é un territorio de silencio, da superficie case non se percibe nada, apenas un lene murmurio cando o vento zoa con forza.

En canto a el, o autor quero dicir, volveu visitarme. Era a hora na que a brisa sosega e as sombras se alongan. Seino, que sentín como se achegaba á beira da praia escorrentando os biluricos co seu paso torpe ao atravesar polo coído. Ficou logo ensimesmado, ulindo no aire o recendo a ribeira, esculcando o mar e preguntándose onde eu estaría. Mirou cara a onde me atopo poñendo fasquía de estar moi atento, con esa súa ollada tinguida de verde e azul que adoita protexer tras os lentes de pasta negra, sen ser quen de reprimir un par de bágoas; pois no fondo, e aínda que non o pareza, con esas patillas longas e peludas de tipo duro do *far west* que gasta, é un sentimental. Xa ves, meu, alcancei a dicirlle dende a distancia: estamos perdidiños, compañeiro!

XXIII - TI, LECTOR, ETERNO VOYEUR

*Si, iso mesmo, que a palabra que tes arriba, en cursiva, significa mirón, que é o que ti es, sempre aí, agochado da outra banda das historias sen dar un chío.*

Xa, sen dar un chío. En todo caso o que ti dis queda escrito e o meu pensamento lévao o vento. Non dou a miña opinión, iso é o que pensas, pero en canto remata o ano ben que andas pendente de ver cantos exemplares vendiches para cobrar os dereitos de autor e mais para encher o ego ben enchido, ese monstro insaciábel que levas dentro.



Ben sabes tamén, malia non ser o teu caso, que as boas obras espállanas os lectores de boca a orella a pesar de que o libro non se deixase ver polos escaparates das librarías, o editor

non gastara un can na súa promoción e na prensa non aparecese nin unha triste recensión. Pois logo xa ves que, malia que sexa de xeito indirecto, chío bastante máis do que pensas.

Queres que che diga a verdade? Pois vaia trapallada máis incríbel e inconexa a que me soltas nesta obra. Non che chega con ofenderme, ou case, chamándome mirón senón que cres, ou debes facelo, que ademais son medio babeco e que vou tragar co que contas sobre o teu coche: que primeiro, cando estabades a atravesar a vila de C, caeu sobre vós o que debeu ser o segundo dioivo universal e que logo cho levou unha enchente e foi dar cos ferranchos ao fondo da ría. Esa parte podía ter un pase; non é tampouco que o fora crer así como así, pois, aínda que ultimamente esas desfeitas acontezan de cada vez con máis frecuencia, sería demasiada casualidade que precisamente che pasase a ti para que puideses escribir estas páxinas. Non, non é doado de crer, pero cando menos podo disimular e tirar cara a diante coa lectura; mais o resto do relato... Está ben que os escritores teñades imaxinación e todo iso. Supoño que é algo esencial, un elemento imprescindible para desenvolver o voso traballo, pero parece que ti o que pretendes e facerme pasar por verdade o que contas, e un, malia ser crédulo e poñer a súa mellor disposición, ten os seus límites.

Escachos, estrelas, lagartos e até unha lapa de lume. Ateigas o texto cunha morea de criaturas imaxinarias e irreais. Está ben, pero decatáste de que, amais de me tratar como a unha

crianza achegándote ao tema dese xeito, andas a pisar areas movedizas ao usar un procedemento tan manido como o de personificar os bichiños e os entes da natureza. Atopei este día nun dicionario que hai unha doutrina filosófica á que chaman hilozoísmo que atribúe vida propia aos seres inanimados. Non son hilozoísta, e malia non estar de acordo co resultado acéptoo como recurso literario. Pero cres realmente que necesitabas facelo?

Sacas á luz un feixe de asuntos: o desa treboada, que non sei se simboliza a loucura na que se está a converter a climatoloxía, e mais o dos incendios; aínda que coido que esqueciches explicar, entre outras moitas cuestións, a relación que teñen os lumes coas actuacións nas canles dos ríos e coas enxurradas como a que che arramplou co coche. Fixeches intervenir unha mancha de personaxes, os que ti dis que che viñeron á mente cando comezaches a reflexionar sobre o tema, pero o que che quedou no tinteiro é o que ninguén quere escoitar: até o máis teimoso defensor do medio ambiente, xa sexa un concienciado activista de calquera grupo ecoloxista, non é quen de subtraerse ao consumismo desmedido e o dispendio enerxético. Si, diso somos todos moi conscientes, todos nós, pero pouco facemos por cambiar. Esa, e non outra, é a verdade. Non sei para que digo nada, sinto que estou a dilapidar as palabras dun xeito inútil. Seguro que, como todos os escritores, vas pola vida de artista, xenio pagado de si mesmo, e serás, cando menos no que atinxe á túa obra, pouco dado ao diálogo. Éme igual que non admitas suxestións, non teño o máis mínimo interese en

convencerte, só quero facer o que ti dis facer pero nos fas: ser sincero.

## XXIV – EU, O NARRADOR, OUTRA VOLTA

Chove. E ao mesmo tempo que a terra enchoupa, ávida de auga despois dun longo inverno enxoiro, o son das gotas que petan nos vidros das xanelas do cuarto anéganme o ánimo permitindo que a preguiza se instale en min.

Comezo, a dicir verdade, a estar canso deste relato despois de tantos meses mergullado nel. Vaime apeteendo encetar unha nova aventura, poñerme a escribir outra cousa e soñar con novos personaxes e escenarios.



Estou, xa que logo, firmemente decidido a rematalo. Podería tentar poñerlle fin dicíndoche, por exemplo, que na miña opinión o importante dunha trama non é que sexa real senón que o pareza. A súa verosimilitude. Pois esta non o aparenta, dirás ti; nin real nin o asemella. De acordo, coincido contigo en que moi verídica non parece, dende logo. Terei entón que tratar de xustificar o porqué de que a contase deste xeito.

Coido que a obxectividade non existe e intentar reflectir a realidade paréceme un esforzo van, algo seguramente imposíbel por moi factíbel que nos poida parecer en ocasións. En canto pasa polas mans de alguén, as túas ou as dun autor, e ao vela dende o prisma da súa perspectiva, é inevitábel que colla a cor da súa ollada. Non creo que me achegase no desenvolvemento deste enredo nin tan sequera á imaxe que eu propio teño dela. Comecei a contar a historia que me apetecía e da forma en que o corpo mo pediu. Despois, como sempre acontece, colleu vida propia e levoume por onde quixo sen que eu puidese facer ren por controlala. Deixei fluír o pensamento até que a imaxinación e os feitos nos que se basea se confundiron; xa non sei, nin me importa nin coido que importe, o que foi certo e o que non o foi. O que podo dicir, iso si, é que gocei, e moito, fantasiando e escribindo. Sería o meu desexo que contigo acontecese o mesmo, que conseguira entreterte e che proporcionara cando menos algúns momentos de pracer.

Verdade e realidade... que importancia teñen para o seu transcurso? Porque... respóndeme se podes: que é a



realidade? O feixe de falsidades que nos contan acotío? O que ves na tele, escoitas pola radio ou les na prensa? Non serás dos que pensa que todo o que sae na pantalla ou se imprime nun xornal xa é verdade polo feito de publicarse? Ás veces é suficiente con escoitar a mesma nova en dous medios diferentes para decatarse de que algo falla. Contrádinse, pensarás; ou, peor aínda: alguén mente. Por que o fan?, poderías preguntarte.

Quizais entre as liñas destas páxinas se agoche moito máis do que ti cres e do que eu poida imaxinar. O Rovertto existe, ou existiu, malia non ser el a quen levou a enxurrada, senón certamente o coche dun coñecido. Personificar e pór voz a algún dos protagonistas foi polo menos divertido e, en canto ao resto do que conto, os escenarios e as situacións son nidiamente imaxinarios pero, se non son certos... poderían. A realidade, de seguro que o escoitaches moitas veces, supera case sempre a máis fantasiosa das ficcións. Non pretendo que me creas. É máis: preferiría que non o fixeras, que abriaras os ollos e crearas por ti mesmo unha opinión. O teu criterio. Mellor nos iría; a case todos.

Cerrei os ollos; mantívenos suavemente pechados, sen facer forza. Concentreime. Permitín que os recordos en forma de imaxes dalgunha das viaxes e aventuras que viviramos xuntos me percorresen a superficie da retina e fosen quen de roubarme algunha bágoa. Foi tan só un instante, unha pequena concesión ao meu lado máis sentimental que me consentín

cando volvín alí, á ribeira da ría, preto do lugar onde intúo que deben xacer os seus ferros.

A vida continúa. Agora teño un coche novo e moitos quilómetros por diante que percorrer. Seguirei a prender a radio cando conduzo a pesar dos escoitagrilos que ateigan decontino os faladoiros. Procuo impedir que me desacouguen os remorsos que agroman de cada vez que os escoito falar, coas mans no volante, da queima de combustíbeis fósiles, da emisión de gases de efecto invernadoiro e, sobre todo, do demo ese do cambio climático. Decátome de que comezo a estar vello e aqueloutrado, dinmo os nocellos e mais as neuronas, e aínda así sei que nin quereirei nin poderei resistirme a intentar cambiar os meus hábitos; non hei tardar en procurar coller o costume de ir camiñando aos sitios, en usar o transporte público, apagar as luces cando non estea no cuarto e todas esas cousas, e mesmo poida que o próximo coche que merque sexa eléctrico, mixto, ou o que queira que haxa para entón. Non sei, até é bastante posíbel que o consiga; e mentres el, o pobre Rovertó, seguirá alí, a enferruxar a inmensidade azul.

*República do Sar,  
no enxóito inverno de 2008*

